

ter especial rexeranse polo disposto nesta norma, con independencia da data en que se concertasen.

2. Non obstante o anterior, respectaranse as condicións máis beneficiosas que tivesen pactadas con anterioridade.

Disposición adicional segunda. *Prácticas profesionais e contrato en prácticas.*

As prácticas realizadas, se é o caso, para acceder á profesión de avogado conforme o previsto na Lei 34/2006, do 30 de outubro, sobre o acceso ás profesións de avogado e procurador dos tribunais, non impedirán que, obtida esta habilitación legal, se poidan concertar co mesmo traballador e nos termos deste real decreto contratos de traballo en prácticas de cuxa duración en todo caso se deducirá o tempo de realización daquelas.

Disposición adicional terceira. *Xurisdición competente.*

1. De conformidade co establecido na Lei de procedemento laboral, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 2/1995, do 7 de abril, os conflitos que xurdan entre as partes da relación laboral que se regula neste real decreto, tanto individuais como colectivos, serán competencia da xurisdición social, salvo o disposto na Lei concursal.

2. Sen prexuízo do disposto nos artigos 63 a 68 da citada Lei de procedemento laboral, por acordo entre os avogados e os titulares dos despachos, poderase someter a resolución das súas discrepancias á mediación ou arbitraje a través dos procedementos que se acorden.

Disposición adicional cuarta. *Dereito supletorio.*

No non regulado neste real decreto será de aplicación o disposto na Lei do Estatuto dos traballadores e as demais normas laborais de xeral aplicación en canto non sexan incompatibles coa natureza e características especiais que concorren nesta relación laboral.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 17 de novembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

20183 *CORRECCIÓN de erros da Orde TAS/3243/2006, do 19 de outubro, pola que se dispoñen medidas necesarias para o desenvolvemento parcial do previsto no Acordo do Consello de Ministros do 9 de xuño de 2006, sobre determinadas medidas financeiras e sociolaborais integradas no Plan de apoio ao sector téxtil e da confección. («BOE» 278, do 21-11-2006.)*

Advertidos erros na Orde TAS/3243/2006, do 19 de outubro, pola que se dispoñen medidas necesarias para o

desenvolvemento parcial do previsto no Acordo do Consello de Ministros do 9 de xuño de 2006, sobre determinadas medidas financeiras e sociolaborais integradas no Plan de apoio ao sector téxtil e da confección, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 14 en lingua galega, do 1 de novembro de 2006, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 1940 columna primeira, no artigo 4, punto 1.b) de parágrafo segundo, onde di: «Mulleres en xeral:...»; debe dicir: «1.º Mulleres en xeral:...».

Parágrafo terceiro, onde di: «Traballadores con discapacidade:...»; debe dicir: «2.º Traballadores con discapacidade:...».

Parágrafo cuarto, onde di: «Maiores de trinta anos e ata corenta e cinco anos:...»; debe dicir: «3.º Maiores de trinta anos e ata corenta e cinco anos:...».

Parágrafo sétimo, onde di: «Maiores de corenta e cinco anos e menores de cincuenta e cinco anos:...»; debe dicir: «4.º Maiores de corenta e cinco anos e menores de cincuenta e cinco anos:...».

Parágrafo oitavo, onde di: «Traballadores con cincuenta e cinco ou máis anos:...»; debe dicir: «5.º Traballadores con cincuenta e cinco ou máis anos:...».

Parágrafo décimo, onde di: «Cando o traballador contratado sexa perceptor de prestación contributiva por desemprego...»; debe dicir: «Cando o traballador contratado con cincuenta e cinco ou máis anos sexa perceptor de prestación contributiva por desemprego...».

XEFATURA DO ESTADO

20263 *LEI ORGÁNICA 7/2006, do 21 de novembro, de protección da saúde e de loita contra a dopaxe no deporte. («BOE» 279, do 22-11-2006.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A aprobación da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, cuxo título VIII regula o control das substancias e métodos prohibidos no deporte e a seguranza da práctica deportiva, supuxo un punto de partida no establecemento dun marco de represión da dopaxe no deporte, que estivo acompañado dunha política activa na provisión de medios materiais e humanos, recursos orzamentarios, infraestruturas, procedementos e normas de que ata entón carecera o noso sistema deportivo.

A aplicación e desenvolvemento da lei supuxo tamén a entrada en funcionamento da Comisión Nacional Anti-dopaxe, que desempeñou desde entón un papel central en elaborar e aplicar iniciativas neste ámbito, así como en velar pola correcta aplicación da normativa vixente.

Ao longo da década pasada sucesivas normas de carácter regulamentario foron regulando aspectos tan delicados e complexos como a realización de controis con garantías, as condicións xerais para a homologación e o funcionamento de laboratorios públicos e privados, o réxime de infraccións e sancións, ou a lista de substancias e grupos farmacolóxicos prohibidos e de métodos non

reglamentarios de dopaxe no deporte. Esta lista é elaborada polo Consello Superior de Deportes (CSD), seguindo pautas da vixente Convención contra a Dopaxe no Deporte do Consello de Europa e os principios establecidos no Código Mundial Antidopaxe, que foron recollidos na Convención Internacional contra a Dopaxe no Deporte, aprobada na 33.^a Conferencia Xeral da Organización de Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO), que tivo lugar en outubro de 2005. A lista é actualizada con periodicidade anual e publícase no Boletín Oficial del Estado. Con este conxunto normativo, España incorporouse ao grupo de países que dispuxo desde a década pasada dun sistema articulado de control e de represión da dopaxe.

A implicación crecente dos poderes públicos no empeño por lograr un deporte limpo de dopaxe acéntuase a partir do impacto internacional que tiveron os positivos detectados nos Xogos Olímpicos de Seúl, en 1988. Así, cabe recordar que o instrumento xurídico en vigor de maior alcance para a colaboración intergubernamental e a cooperación internacional na loita contra a dopaxe no deporte segue sendo o Convenio Internacional, aprobado en 1989 polo Consello de Europa, xunto cun protocolo adicional que, en boa medida, avanzou na harmonización das políticas públicas e os procedementos antidopaxe seguidos polos 45 Estados asinantes, na súa gran maioría europeos, entre eles España.

Non obstante, os primeiros pasos para establecer controis antidopaxe no noso sistema deportivo déronse na década dos anos 60 do pasado século. A adopción de iniciativas neste terreo por parte do Consello de Europa e do Comité Olímpico Internacional (COI), impulsou a participación de España na primeira reunión do grupo de estudo especial sobre dopaxe dos atletas, que tivo lugar en 1963 por proposta do organismo europeo. Como consecuencia diso, creouse o actual laboratorio do CSD para o control da dopaxe, que comezou a funcionar a finais desa década, moi pouco tempo despois de que iniciasen a súa actividade os primeiros laboratorios europeos de control da dopaxe en París, Roma e Londres. Homologado internacionalmente polo COI desde 1982, forma parte da rede internacional de 33 laboratorios de control da dopaxe acreditados ata o de agora pola Axencia Mundial Antidopaxe (AMA).

Pola súa banda, o laboratorio do Instituto Municipal de Investigación Médica de Barcelona obtivo a homologación do COI en 1985 e tamén foi acreditado pola AMA. Ademais, ambos os dous laboratorios españois teñen a acreditación de calidade, segundo a norma ISO 17025, que certifica a idoneidade e excelencia tecnolóxica do seu persoal, das súas instalacións, así como dos seus protocolos e procedementos de actuación. Desta forma España é un dos tres países do mundo que conta con dous laboratorios para o control da dopaxe, que están acreditados internacionalmente desde hai polo menos 20 anos.

II

É certo, non obstante, que as accións iniciadas polo movemento deportivo e por algúns Estados, por separado e cada un no ámbito das súas competencias, se mostraron insuficientes, pois a articulación dunha axeitada loita contra a dopaxe supón a confluencia de diversas medidas que corresponden, de forma diferenciada, aos países e ás organizacións do movemento deportivo internacional.

A celebración en Lausana, en 1999, por iniciativa do COI, da Conferencia Mundial sobre a Dopaxe no Deporte, puxo de manifesto a necesidade de afondar na colaboración entre poderes públicos e organizacións deportivas. Iso supuxo un cambio de rumbo na forma de abordar o problema da dopaxe no deporte, pondo o acento na necesidade de crear un organismo internacional independente

que establecese normas comúns para combater a dopaxe e coordinase os esforzos das organizacións deportivas e dos poderes públicos.

Ese mesmo ano, acordouse constituír e pór en funcionamento a AMA, en cuxa estrutura e financiamento participan de forma equitativa o COI e os gobernos dun gran número de países, entre eles España, preocupados cada vez máis polo auxe da dopaxe e a súa rápida expansión máis alá do ámbito da alta competición deportiva.

A AMA é unha fundación de dereito privado, rexida polo ordenamento xurídico suízo e cuxa sede central está radicada na cidade canadense de Montreal. O seu Consello está integrado a partes iguais por representantes de organizacións gubernamentais, intergubernamentais e deportivas. Esta estrutura inusual é un recoñecemento á necesidade de que os gobernos e as organizacións, que conforman o sistema deportivo internacional, actúen conxuntamente na loita contra a dopaxe, xa que ningún dos dous logrará éxitos significativos neste empeño sen a estreita colaboración e cooperación do outro.

III

En 2003 a AMA elabora o Código Mundial Antidopaxe e os estándares internacionais de procedementos que o complementan, que constitúen un conxunto de regras e directrices de obrigado cumprimento para o movemento deportivo internacional. Estas actividades exixen a elaboración de normas nacionais, simultaneamente ao avance nunha harmonización normativa internacional sobre aspectos clave para combater a dopaxe, como o funcionamento de laboratorios con criterios homologables, o réxime de exencións para o uso de determinadas substancias con fins terapéuticos, os procedementos para efectuar os controis de dopaxe, así como a elaboración dunha lista harmonizada de substancias e métodos prohibidos que sexa aceptada e respectada polo maior número posible de países. A Comisión Nacional Antidopaxe, como organismo español competente, aceptou a adhesión do noso país ás regras e directrices establecidas no Código.

Certamente aínda hoxe o Código Mundial Antidopaxe carece de forza vinculante no dereito internacional público. Esta situación cambiará, previsiblemente, nos próximos meses tras a recente aprobación e o proceso de ratificación, actualmente en curso, por parte dos países asinantes, entre eles España, da xa citada Convención Internacional contra a Dopaxe no Deporte da UNESCO, que incorpora os principios do Código Mundial e fai posible a harmonización da normativa internacional sobre esta materia. Por iso, con esta lei trátase tamén de harmonizar a normativa estatal de loita contra a dopaxe cos principios que aquel Código proclama e adecuala, igual que fixeron algúns países do noso ámbito, que foron modificando e actualizando as súas lexislacións de modo diverso, pero cunha finalidade principal: alcanzar maior eficacia en combater a dopaxe no deporte.

Neste contexto, o innovador réxime introducido no noso país pola Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, actualizada pola Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, permitiu afrontar os novos retos da dopaxe no deporte de acordo cos estándares internacionais máis exixentes establecidos polo COI e a AMA, ademais de modificar o funcionamento da Comisión Nacional Antidopaxe para os efectos de axilizar a súa eficacia e capacidade de resposta na loita contra a dopaxe no deporte. Así mesmo, a aprobación da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e do comercio electrónico, permitiu o establecemento de controis na venda de medicamentos sen a correspondente autorización.

Non obstante, o réxime actual de loita contra a dopaxe está necesitado de reformas e actualizacións en cumpri-

mento do artigo 43 da nosa Constitución, que despois de recoñecer o dereito á protección da saúde, sinala que lles compete aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública a través de medidas preventivas, e que lles corresponde, igualmente, a estes, fomentar a educación física e o deporte. Os poderes públicos obrigados por este mandato constitucional son tanto a Administración xeral do Estado como as comunidades autónomas e as corporacións locais, nos respectivos ámbitos das súas competencias exclusivas. No marco das competencias do Estado, inciden nesta lei distintos títulos competenciais. Ademais da competencia auto-organizativa que ao Estado lle corresponde, así como aquela de que dispón sobre os intereses que afectan, inseparablemente, o deporte español no seu conxunto, concorren nesta lei diversas competencias específicas, entre as cales cabería destacar as relativas a bases e coordinación xeral da sanidade, lexislación penal, Administración de xustiza, seguranza pública, relacións internacionais ou estatística para fins estatais, todas elas derivadas do artigo 149.1 da Constitución.

IV

Esta lei aspira a lles dar resposta a estes obxectivos. As súas liñas centrais pódense resumir en dous enunciados: dunha parte, actualizar os mecanismos de control e de represión da dopaxe no ámbito do deporte de alta competición e, doutra, crear un marco sistemático e transversal de prevención, control e represión da dopaxe en xeral, considerado como unha ameaza social, como unha lacra que pon en grave risco a saúde, tanto dos deportistas profesionais coma dos practicantes habituais ou ocasionais dalgunha actividade deportiva.

Partindo destas dúas liñas centrais de regulación, algunhas normas que esta lei introduce están afectas á reserva de lei orgánica, proclamada no artigo 81 da nosa Constitución. Outras, menos substanciais e que non afectan o contido esencial dos dereitos fundamentais, atopan un camiño axeitado de regulación na lei ordinaria.

A opción lexislativa engloba nunha soa norma a regulación xeral e horizontal a que se facía referencia anteriormente e a que introduce un tipo específico entre os delitos contra a saúde pública, co que se completa o réxime xeral de represión penal contra a dopaxe.

Ambas as dúas regulacións coadxuvan, conxuntamente, á consecución do mesmo fin e, formando estas un todo inseparable, razóns de sistemática e de técnica lexislativa aconsellan o seu tratamento nun só texto lexislativo que debe revestir carácter de lei orgánica. Todo iso sen prexuízo, claro está, de que a través da disposición derradeira quinta se especifiquen aqueles preceptos e disposicións que deban ter a consideración de ordinarios, para os efectos de evitar a conxelación do rango.

No título primeiro, as novidades que introduce a lei pódense sistematizar nas que se indican a continuación: un primeiro bloque de reformas afecta a organización administrativa ao servizo do control da dopaxe no deporte, conservando un modelo semellante ao actual, baseado en que o exercicio da potestade disciplinaria derivada da dopaxe no ámbito do deporte de competencia estatal se lles atribúe ás federacións deportivas españolas, baixo a tutela efectiva da Administración xeral do Estado, a través do CSD.

En relación coa citada organización administrativa e no marco da norma reguladora das axencias estatais, a Axencia Estatal Antidopaxe (AEA), unha vez culminado o proceso da súa creación coa aprobación do seu Estatuto, será o organismo que asuma un importante protagonismo no desempeño de diversos aspectos relacionados cunha acción integral dos poderes públicos e das organizacións deportivas a favor dun deporte sen dopaxe.

Por un lado, a AEA será o responsable material da realización dos controis de dopaxe que lle sexan enco-

mentados polas instancias competentes do CSD, podendo para tal efecto dispor de estrutura propia ou concertada para a realización da devandita función material. Así mesmo, corresponderalle a execución e o impulso dunha política de investigación en materia de prevención, de control da dopaxe e de protección da saúde do deportista, que facilite un coñecemento actualizado dos avances científicos e tecnolóxicos neste ámbito, que permita, polo tanto, abordar de xeito rigoroso e eficiente a loita contra un fenómeno complexo, difícil e en constante evolución.

A AEA configúrase como unha entidade de cooperación, de forma que o conxunto de administracións públicas que teñen competencias en materia deportiva poidan dispor dun marco común de actuación, compartindo recursos, infraestruturas, experiencias, avances científicos e iniciativas, destinadas a erradicar a dopaxe do deporte, sancionando penalmente os que se lucran con ela, facilitando o illamento e rexeitamento dunha lacra social, cuxa sombra ameazante se proxecta moito máis alá do estritamente deportivo.

O órgano de tutela do CSD para o exercicio destas competencias pásase a denominar Comisión de Control e Seguimento da Saúde e a Dopaxe. Este órgano asume a maior parte das competencias que, ata este momento, estaban repartidas entre a Comisión Nacional Antidopaxe e a Comisión Nacional para a Protección da Saúde do Deportista. Desta forma, inténtaselle facilitar á nova organización nacional contra a dopaxe unha visión de conxunto, consubstancial ao modelo que deseña esta lei. Nel, os principios de rexeitamento e tolerancia cero cara á dopaxe no deporte teñen, basicamente, un compoñente de saúde individual e de saúde pública, pero tamén unha dimensión inequívoca de compromiso cos valores do xogo limpo e a libre competición entre iguais, considerados como fundamentos do deporte actual.

Así mesmo, o novo órgano do CSD asume funcións de gran relevancia en materia de protección da saúde dos deportistas, tanto no referido ao deporte profesional de alta competición como á práctica deportiva de base que, con carácter recreativo e saudable, desenvolven no noso país millóns de persoas. Vincular moi estreitamente a loita contra a dopaxe á protección da saúde dos deportistas é unha recomendación expresa da AMA e a orientación seguida nos países da nosa contorna cando abordaron recentes reformas das súas respectivas lexislacións contra a dopaxe no deporte.

A lei consolida o establecemento de recoñecementos médicos de aptitude para a práctica deportiva federada e introduce a realización de controis de saúde aos deportistas que participan en competicións oficiais. Ante todo, o obxectivo que se persegue é asegurarlles as mellores condicións posibles de asistencia médica integral aos deportistas profesionais, que desenvolven a súa actividade nun marco tan exigente como é a alta competición, e establecer, de xeito gradual, pautas básicas de atención médica entre cantas persoas desenvolven habitualmente actividades físicas e deportivas.

A partir deste esquema xeral, a lei arbitra fórmulas de flexibilidade, como facilitar, por exemplo, que as federacións deportivas españolas establezan convenios de colaboración coa AEA que lles permita unha organización máis eficiente do sistema de controis de dopaxe que son da súa competencia e o estrito cumprimento de todas as súas responsabilidades e obrigas neste ámbito.

O outro gran bloque de reformas incluído neste título primeiro implica unha nova configuración da potestade sancionadora na materia. As novidades recollidas son moi diversas. En primeiro termo, garántese o cumprimento do principio de reserva de lei, por canto todas as infraccións e sancións así como as causas modificativas da responsabilidade están recollidas na norma, eludindo a remisión regulamentaria nunha materia como a sancio-

nadora, que pode ser certamente complexa en termos constitucionais. Así mesmo, desenvólvese neste punto unha necesaria harmonización das nosas disposicións legais co establecido ao respecto polo Código Mundial Antidopaxe e a Convención Internacional contra a Dopaxe no Deporte da UNESCO. Esta medida complétase co incremento e a redefinición dos tipos infractores e sancionadores, ademais de ofrecer unha definición máis exacta do conxunto de obrigas e dereitos dos deportistas, pero tamén do conxunto de profesionais que interveñen desde o seu ámbito máis próximo.

Unha das novidades máis importantes da lei é a configuración da potestade disciplinaria en materia de dopaxe como unha competencia concorrente sucesiva, de forma que a competencia inicial que lles corresponde ás federacións deportivas españolas se transfira, por incumprimento do prazo legalmente previsto, á propia Comisión de Control e Seguimento da Saúde e a Dopaxe, que actúa así como órgano disciplinario. Desta forma, conséguese un efecto esencial, como é non demorar a tramitación e resolución dos expedientes en materia de dopaxe.

Así mesmo, defínese un réxime innovador de revisión das sancións na materia, que trata de lle dar satisfacción ao conxunto de intereses que conviven no ámbito deportivo, de forma que, sen mingua ningunha do dereito de defensa nin do dereito á tutela efectiva, se busquen formas xurídicas diferentes ás do réxime revisor común, para os efectos de conseguir que a revisión non supoña unha maior demora que acabe prexudicando gravemente un valor de importancia decisiva: a equidade das regras e das condicións de participación na competición deportiva.

Para este fin, co amparo previsto no artigo 107 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a lei instaura un sistema de revisión administrativa especial que, coa fórmula arbitral, substitúe o recurso administrativo clásico. Esta fórmula arbitral descansa, no plano orgánico, nunha sección específica do Comité Español de Disciplina Deportiva, órgano que pola súa independencia funcional cumpre os requisitos establecidos na lei procedemental común.

O procedemento previsto para axilizar a revisión dos expedientes administrativos por dopaxe complétase cunha prescrición esencial: a xeneralización do procedemento abreviado e en instancia única do coñecemento no ámbito procesual dos recursos contencioso-administrativos que se puidesen formular contra as resolucións ditas por aquel órgano.

Este conxunto de medidas coaduxa a que se logre unha axilización dos procedementos e dos procesos, posibilitando que as resolucións dos expedientes por dopaxe teñan unha canle segura, áxil e sinxela para a súa revisión administrativa e xurisdiccional, que permita compaxinar o conxunto dos intereses en xogo, sen mingua de garantías e dereitos dos interesados na súa revisión.

Noutra orde de cousas directamente relacionada co conxunto de intereses en xogo a lei prevé un réxime moi detallado de confidencialidade no tratamento da información relativa á dopaxe, co obxectivo de conseguir a identificación das persoas responsables de coñecer e tratar a información, determinando responsabilidades en caso dunha incorrecta ou inadecuada custodia dunha información e duns datos estritamente confidenciais. Trátase, en síntese, de lles garantir aos deportistas que as sancións impostas se correspondan, unicamente, con condutas tipificadas e que non se engada un efecto de publicidade, agravante da súa situación de xeito inxusto e inxustificable. Neste punto, como noutros moitos, a lei trata de establecer un marco de garantías moi exixente, acorde co noso ordenamento xurídico sobre protección de datos de carácter persoal, que preserve os dereitos á intimidade, á

honra e ao bo nome dos deportistas ata que, efectivamente, se acredite a infracción.

O título segundo da lei refírese a aspectos xenéricos de control da dopaxe no deporte, xa sexa este a de competición ou a de mera recreación. Inclúense un conxunto de medidas, como son a supervisión e revisión do contido das caixas de primeiros auxilios nas competicións deportivas, a determinación do seguimento dos medicamentos e produtos susceptibles de causar dopaxe no deporte, co fin de coñecer en que momento se altera a cadea de distribución comercial, pondo os medios para impedir que eses mesmos produtos ou falsificacións deles afloren ao mercado en condicións distintas ás que establece a normativa vixente para a súa expendición, ou a fixación de estritas condicións de comercialización e de control dos produtos que poden causar dopaxe no deporte.

Para intentar asegurar o cumprimento das medidas indicadas arbitrarse, no título terceiro desta lei, un ámbito de tutela penal da saúde pública en actividades relacionadas coa dopaxe no deporte. Introdúcese un novo artigo 361 bis no Código penal cuxa finalidade é castigar o ámbito do deportista e preservar a saúde pública, gravemente ameazada pola comercialización e expendición sen control de produtos carentes de garantía ningunha e danos para a saúde.

Co establecemento deste novo ilícito penal, complétase o deseño integral dunha política criminal contra a dopaxe, iniciado en febreiro de 2005, ao dar luz verde o Consello de Ministros á posta en marcha dun Plan de Acción Integral contra a Dopaxe no Deporte. Entre as 59 medidas aprobadas incluíase a posta en marcha dun grupo operativo de intervención, no seo da Comisaría Xeral de Policía Xudicial, especializado na persecución das redes de dopaxe, así como a creación por parte da Fiscalía Xeral do Estado dunha unidade especializada na persecución de delitos relacionados coa dopaxe no deporte.

Por outro lado, establécese que a subministración, a expendición ou a prescrición de substancias susceptibles de producir dopaxe é responsabilidade dos que, segundo o ordenamento, realizan estas accións e que, en consecuencia, estas infraccións deben constituír tamén un grave quebranto da deontoloxía profesional, que debe ter sancións específicas nos seus respectivos réximes colexiais.

En último termo, co obxectivo de facer efectiva a capacidade de investigación científica neste ámbito e de preservar a saúde no deporte, a lei prevé, no seu título cuarto, a posta en marcha dun sistema de información administrativa. Este ten por obxecto pór á disposición das comunidades autónomas a información dispoñible máis relevante e contrastada, de forma que cada comunidade autónoma poida utilizar estes datos, se así o desexa, no desenvolvemento de políticas públicas para a promoción dun deporte saudable e limpo de dopaxe no exercicio das súas competencias.

Neste aspecto, a lei tamén prevé a creación dunha tarxeta de saúde do deportista, que permitirá acumular, de forma exhaustiva, confidencial e segura, de acordo coa normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal, un conxunto de informacións relevantes sobre o deportista, para os efectos de realizar un seguimento preventivo da evolución da súa saúde e dos seus parámetros vitais máis importantes, máxime tras unha dedicación tan exixente como a imposta pola alta competición á elite deportiva profesional.

A regulación proposta, co reforzamento da tutela penal, a sistematización dos procedementos disciplinares, a determinación das responsabilidades na súa tramitación, a aclaración do sistema de infraccións e sancións no seu conxunto, permite actualizar a normativa preexistente, adecuar o noso réxime sancionador ao recollido na Convención Internacional contra a Dopaxe no Deporte da

UNESCO e pólo en sintonía co dos países que nos últimos anos reformaron as súas políticas para conseguir unha maior eficacia na represión da dopaxe na actividade deportiva.

A incidencia, mediante as medidas de control e supervisión do título segundo, no ámbito das actuacións que se poidan realizar en relación coa actividade deportiva non competitiva constitúe, non obstante, unha novidade no noso país. Trátase de sistematizar e adaptar á loita contra a dopaxe no deporte un conxunto de medidas das cales xa dispoñen as autoridades en materia de seguranza pública.

Polo demais, as disposicións adicionais, transitorias, derogatoria e derradeiras deste texto obedecen ás finalidades que lles son propias. Así, as disposicións transitorias recollen os principios clásicos do dereito transitorio e as derradeiras orientanse, na súa maioría, á harmonización de textos legais que permita o coñecemento e a aplicación desta norma con seguranza xurídica.

En síntese, trátase de establecer un conxunto de medidas que se xustifican para conseguir os seguintes obxectivos: preservar a saúde pública e individual no deporte e a adopción de medidas efectivas contra un perigo certo e contrastado como é a dopaxe, que pode comprometerlas ou afectalas, ata o punto de pór en serio risco a vida mesma dos deportistas, así como asegurar o xogo limpo na competición. O marco deseñado cumpre con todos os requisitos e exixencias establecidos polo noso ordenamento constitucional en materia de dereitos fundamentais e de repartición competencial entre as administracións públicas, polos tratados internacionais asinados e pendentes de ratificar por España en materia de loita contra a dopaxe no deporte, así como polas regulamentacións do COI e das organizacións deportivas internacionais.

TÍTULO I

Da protección da saúde e da loita contra a dopaxe no deporte

CAPÍTULO I

Ámbito da lei e organización

Artigo 1. *Definición de dopaxe, ámbito de aplicación e delimitación de competencias en materia de protección da saúde e de loita contra a dopaxe no deporte.*

1. Para os efectos da súa aplicación, considérase dopaxe no deporte o incumprimento ou a infracción por parte das persoas que, estando obrigadas a iso, violen a normativa prevista nesta lei, en particular o disposto nos seus artigos 13 e seguintes.

2. O ámbito subxectivo de aplicación desta lei esténdese a deportistas con licenza federativa estatal ou con licenza autonómica homologada, en competicións deportivas organizadas, promovidas ou autorizadas polas federacións deportivas españolas no ámbito obxectivo establecido no artigo 1.3.

3. O ámbito obxectivo de aplicación desta lei está determinado polas competicións deportivas oficiais, de ámbito estatal, organizadas por entidades deportivas no marco da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte.

4. O disposto nos puntos anteriores enténdese sen prexuízo da aplicación desta lei ás actividades deportivas internacionais que se realicen en España, nos termos previstos nos artigos 30 a 33 desta lei.

5. De igual forma, seralles de aplicación ás persoas que incidan, por calquera medio, na realización da activi-

dade deportiva e que incumpran algunha das obrigas previstas no título segundo e concordantes desta lei.

6. O alcance das obrigas que incumpre cada persoa pertencente aos grupos anteriormente definidos é o establecido nos preceptos que, respectivamente, lle sexan aplicables, de conformidade con esta lei.

7. Correspóndelle ao Consello Superior de Deportes, e sen prexuízo das competencias que lles corresponden ás comunidades autónomas, promover e impulsar a realización dunha política de prevención, de control e de represión da utilización de produtos, substancias e métodos non regulamentarios ou prohibidos no deporte.

8. Así mesmo, e no mesmo ámbito das competencias da Administración xeral do Estado, correspóndelle ao Consello Superior de Deportes, en coordinación e colaboración co resto dos órganos competentes da Administración xeral do Estado, impulsar unha política de loita contra a utilización deses produtos, substancias e métodos nos restantes ámbitos da actividade deportiva. Para tal fin poderá adoptar medidas que contribúan a evitar a súa comercialización, expendición ou utilización por calquera medio non previsto na normativa correspondente.

9. No ámbito das súas competencias, correspóndelle ás comunidades autónomas promover e impulsar a realización dunha política de prevención, de control e de represión da utilización de produtos, substancias e métodos non regulamentarios ou prohibidos no deporte e impulsar unha política de loita contra a utilización deses produtos, substancias e métodos nos restantes ámbitos da actividade deportiva.

10. O Consello Superior de Deportes e as comunidades autónomas promoverán os mecanismos de cooperación para harmonizar criterios de aplicación da normativa contra a dopaxe, cumprir as obrigas internacionais asumidas por España e lograr a maior coordinación posible das actuacións na materia por parte dos poderes públicos. Así mesmo, promoverá mecanismos de colaboración coas federacións deportivas españolas e internacionais, así como coas organizacións deportivas profesionais para o fomento de prácticas deportivas saudables capaces de evitar tanto os riscos que supón a dopaxe para a saúde dos deportistas como a fraude que comporta para a boa fe dos consumidores de servizos deportivos.

Artigo 2. *A organización da Administración xeral do Estado para a protección da saúde e o control da dopaxe no deporte.*

1. Sen prexuízo das funcións que, no Sistema Nacional de Saúde, lles corresponden aos poderes públicos para o cumprimento do dereito á protección da saúde, as competencias da Administración xeral do Estado en materia de protección da saúde e no control e represión da dopaxe no deporte exércenas o Consello Superior de Deportes, a través da súa Presidencia e da Comisión de Control e Seguimento da Saúde e a Dopaxe, así como a Axencia Estatal Antidopaxe, nos termos previstos nesta lei e no conxunto de normas que regulan, respectivamente, o desempeño das súas funcións e competencias.

2. Regulamentariamente determinaranse as súas competencias, entre as cales se incluírá, en todo caso, a de instar o Comité Español de Disciplina Deportiva a que actúe como órgano sancionador, conforme o que dispón o artigo 27.4 desta lei.

3. Correspóndelle á Comisión de Control e Seguimento da Saúde e a Dopaxe a determinación dos controis que se van realizar no marco e ámbito de aplicación desta lei, o seguimento da actuación das federacións deportivas españolas en materia de control e represión da dopaxe, así como a instrución e resolución dos expedientes disciplinarios nos supostos previstos no artigo 27.3 desta lei.

4. Correspóndelle á Axencia Estatal Antidopaxe, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas, a realización das actividades materiais que se lle encomenden en relación coa prevención e o control da saúde e da dopaxe no deporte, no marco e ámbito de aplicación desta lei.

A Axencia Estatal Antidopaxe crearase conforme o previsto na lexislación reguladora das axencias estatais.

Artigo 3. *Comisión de Control e Seguimento da Saúde e a Dopaxe.*

1. Para o exercicio das funcións previstas no punto seguinte, créase a Comisión de Control e Seguimento da Saúde e a Dopaxe, órgano colexiado adscrito ao Consello Superior de Deportes, integrado por representantes da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas, federacións deportivas españolas, ligas profesionais, deportistas e por persoas de recoñecido prestixio nos ámbitos científico-técnico, deportivo, médico e xurídico.

2. Son funcións da Comisión de Control e Seguimento da Saúde e a Dopaxe as seguintes:

2.1 En materia de protección da saúde:

a) Proporlles aos órganos administrativos competentes accións preventivas en materia de educación e información sobre a saúde e a práctica deportiva, tanto en competicións oficiais coma en probas de carácter popular ou recreativo.

b) Informar sobre as condicións dos recoñecementos médicos de aptitude para a práctica deportiva a que se refire o artigo 59 da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte e, así mesmo, propor os que se deben realizar en cada modalidade deportiva, indicando os estándares que, respectivamente, deben cumprir.

c) Informar periodicamente sobre os procedementos de control da saúde dos deportistas que participan en competicións oficiais de ámbito estatal das federacións deportivas españolas.

d) Emitir informe sobre a homologación das probas e protocolos que integran os recoñecementos médicos de aptitude para a práctica deportiva en competición, de acordo coas exixencias das modalidades deportivas e no ámbito de aplicación desta lei.

e) Propor o nivel das competicións oficiais, de ámbito estatal, en que será obrigatorio que o deportista se sometese ao correspondente recoñecemento médico de aptitude.

f) Proporlles á Administración xeral do Estado e ao resto das administracións públicas a adopción das medidas e normativas que aseguren as mellores condicións posibles de asistencia médica aos deportistas no marco de realización da súa actividade, xa sexa esta de carácter profesional ou recreativo.

g) Realizar propostas sobre os dispositivos mínimos de asistencia sanitaria nas competicións ou actividades deportivas oficiais que se organicen no marco da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte.

h) Coordinar coa normativa contra a dopaxe as actuacións relativas ás medidas de protección da saúde dos deportistas que participan en competicións oficiais, propondo medidas para un control e seguimento médico integral dos seus participantes.

i) Ser informada dos controis de saúde que lles poidan realizar en España a Axencia Mundial Antidopaxe ou as federacións deportivas internacionais a deportistas españois.

Cando as actuacións desenvolvidas por estes organismos afecten exclusivamente competicións organizadas nas comunidades autónomas, a Comisión dará traslado ao órgano competente autonómico da información recibida.

j) Calquera outra que, de natureza consultiva, sobre materia de saúde no ámbito do deporte e da actividade física, lle poida ser encomendada polo Ministerio de Educación e Ciencia ou outro departamento ministerial, e pola Presidencia do Consello Superior de Deportes.

2.2 En materia de loita contra a dopaxe no deporte:

a) Planificar e programar a distribución dos controis de dopaxe que corresponda realizar no ámbito de competencias fixado por esta lei.

b) Determinar as competicións deportivas oficiais de ámbito estatal en que será obrigatoria a realización de controis de dopaxe, o número de controis que se van realizar durante as competicións e fóra delas en cada modalidade e especialidade deportiva, o tipo e a natureza ou alcance destes e, de ser o caso, os plans individualizados que se consideren oportunos en razón das peculiaridades de cada competición ou actividade deportiva.

c) Efectuar o seguimento da actuación das federacións deportivas españolas en materia de control e represión da dopaxe.

d) Determinar as condicións de realización dos controis cando, conforme esta lei, non lle corresponda á respectiva federación deportiva española.

e) Instruír e resolver os expedientes sancionadores aos deportistas e demais titulares de licenzas deportivas, cando proceda conforme esta lei.

f) Interpor solicitude de revisión ante o Comité Español de Disciplina Deportiva, nos termos previstos nesta lei, cando considere que as decisións adoptadas en materia de dopaxe polos órganos disciplinarios das federacións deportivas españolas non se axustan a dereito.

g) Ser informada dos controis fóra de competición que a Axencia Mundial Antidopaxe ou calquera federación internacional desexe realizar en España, para os efectos da súa coordinación e de evitar a duplicación daqueles. Así mesmo, estas entidades deberán informar a Comisión de Control e Seguimento da Saúde e a Dopaxe dos controis que realicen en competición dentro do territorio español, do seu alcance e dos seus resultados. Tamén deberá ser informada dos controis de saúde que poidan realizar estas mesmas entidades en España.

Cando eses controis sexan realizados polos órganos competentes das comunidades autónomas, estes poderán dar traslado deles á Comisión.

h) Instruír e resolver os expedientes de autorizacións de uso terapéutico, segundo o establecido no artigo 7.4 e concordantes desta lei e nas súas normas de desenvolvemento.

i) Exercer calquera outra función que, sendo competencia do Consello Superior de Deportes, se refira ás materias obxecto de regulación nesta lei e non estea expresamente atribuída a outro órgano ou entidade.

3. A composición e o réxime de funcionamento da Comisión de Control e Seguimento da Saúde e a Dopaxe determinarase por vía regulamentaria, prevéndose, en todo caso, a existencia de dúas subcomisións específicas, que asuman a realización das respectivas funcións de protección da saúde e de loita contra a dopaxe no deporte.

Artigo 4. *Axencia Estatal Antidopaxe.*

1. A Axencia Estatal Antidopaxe é o organismo por medio do cal se realizan as actividades materiais de prevención, control e investigación sobre a saúde e a dopaxe afectantes ao deporte federado de ámbito estatal.

2. No marco do disposto por esta lei, as funcións da Axencia Estatal Antidopaxe serán as que determine o Estatuto polo cal se rexa esta conforme esta lei.

En todo caso, corresponderalle á Axencia Estatal Antidopaxe a interposición de solicitude de revisión ante o

Comité Español de Disciplina Deportiva, nos termos previstos nesta lei, cando considere que as resolucións adoptadas pola Comisión de Control e Seguimento da Saúde e a Dopaxe non se axustan a dereito.

3. A estrutura orgánica e as funcións da Axencia Estatal Antidopaxe determinarase conforme o disposto ao respecto na lexislación reguladora das axencias estatais.

En todo caso, a Axencia Estatal Antidopaxe contará cun órgano de participación, coordinación e seguimento no cal estarán representados os órganos e organismos competentes en materia de deporte e saúde das comunidades autónomas.

4. Para a realización das funcións que lle atribúa o seu Estatuto, a Axencia Estatal Antidopaxe poderá formalizar convenios ou concertos con calquera entidade pública ou privada, de conformidade co establecido na lexislación de contratos das administracións públicas.

5. Sen prexuízo das especificacións contidas neste precepto, a Axencia Estatal Antidopaxe está suxeita ao réxime xurídico de organización e de funcionamento previsto na lexislación reguladora das axencias estatais.

6. No suposto de existiren axencias antidopaxe no ámbito das comunidades autónomas, constituirase no seo da Axencia Estatal Antidopaxe un órgano de participación daquelas para a información, debate e cooperación respecto das políticas públicas do Estado en materia de dopaxe.

CAPÍTULO II

Da obriga de someterse a controis de dopaxe e sobre o alcance e as garantías que deben cumprir

SECCIÓN 1.^a DOS OBRIGADOS AO CONTROL

Artigo 5. *Da obriga de someterse aos controis de dopaxe.*

1. Todos os deportistas con licenza para participar en competicións oficiais de ámbito estatal terán obriga de se someter, en competición e fóra de competición, aos controis que determine a Comisión de Control e Seguimento da Saúde e a Dopaxe.

Os controis fóra de competición pódense realizar por sorpresa ou logo de citación. No primeiro suposto, a obriga a que se refire este artigo alcanza o sometemento a estes e, no segundo, a obriga de comparecer e o sometemento a estes. Os termos de ambas as dúas modalidades determinarase, regulamentariamente, procurando unha axeitada ponderación dos dereitos dos deportistas e as necesidades materiais para unha efectiva realización de controis fóra de competición.

2. A obriga de someterse aos controis alcanza, igualmente, os deportistas que fosen suspendidos na súa licenza deportiva por incorreren nunha infracción de dopaxe mentres se atopen cumprindo a sanción e, en todo caso, con carácter previo á rehabilitación da licenza deportiva.

A Comisión de Control e Seguimento da Saúde e a Dopaxe poderá estender esta obriga a aqueles deportistas respecto dos cales, tendo licenza e non renovándoa no prazo establecido, exista presunción razoable de que non abandonaron a práctica deportiva e poden estar a tratar de eludir a realización de controis de dopaxe fóra de competición ata a súa renovación.

3. Para a realización e a maior eficacia posible dos controis a que se refire o punto primeiro, os deportistas, os equipos, adestradores e directivos deberán facilitar, nos termos que regulamentariamente se establezan, os datos que permitan a localización habitual dos deportis-

tas, de forma que se poidan realizar materialmente os controis de dopaxe.

4. Os deportistas, os seus adestradores, médicos e demais persoal sanitario, así como os directivos de clubs e organizacións deportivas e restantes persoas do ámbito do deportista indicarán, no momento de pasar os controis de dopaxe, os tratamentos médicos a que estean sometidos, os responsables destes e o alcance do tratamento, salvo negaren os deportistas expresamente a autorización para tal indicación.

5. Os controis para os cales fosen citados, os realizados e os seus resultados incluíranse nunha base de datos centralizada que se regulará regulamentariamente de acordo coa normativa de protección de datos vixente. O acceso por parte do deportista estará garantido e tamén de acordo coa normativa vixente, aos profesionais sanitarios que autorice o deportista. O deportista poderá solicitar que os datos incorporados na devandita base de datos se poidan incluír na súa propia tarxeta de saúde.

6. Poderán ser sometidos a control os deportistas con licenza non española que participen en competicións estatais ou internacionais que se celebren no ámbito de aplicación desta lei. A tramitación dos expedientes disciplinarios que puidesen derivar destes realizarase na forma que estableza a correspondente normativa internacional. Así mesmo, poderán ser sometidos a controis fóra de competición cando se estean adestrando en España, por instancia da federación ou organismo internacional competente.

En calquera caso, os resultados dos controis de dopaxe efectuados serán trasladados á federación deportiva internacional correspondente e á Axencia Mundial Antidopaxe.

Artigo 6. *Das garantías nos controis e dos seus efectos legais.*

1. Os controis a que se refire o artigo anterior realizaranse sempre baixo a responsabilidade dun médico, auxiliado por persoal sanitario, habilitados polo Consello Superior de Deportes para o desempeño desta función de salvagarda da actividade deportiva. O órgano competente para outorgar a habilitación será o que determine a estrutura orgánica do Consello Superior de Deportes.

O Consello Superior de Deportes e os órganos competentes das comunidades autónomas poderán desenvolver, no marco dun convenio específico, un sistema de recoñecemento mutuo de habilitacións.

2. Os controis de dopaxe fóra de competición e os controis de saúde que non se xustifiquen por causas médicas non se poderán realizar durante unha franxa horaria, que se determinará regulamentariamente e que comprenderá, en todo caso, as horas habitualmente destinadas ao descanso nocturno. Durante esas horas non se poderá realizar en territorio español ningún control de dopaxe, con independencia de que este fose ordenado por unha autoridade administrativa, federación deportiva ou organismo internacional.

A negativa dun deportista a ser sometido a controis de dopaxe durante esta franxa horaria non producirá responsabilidade ningunha.

A Comisión de Control e Seguimento da Saúde e a Dopaxe velará, no exercicio das súas funcións, que se detallan no artigo 3, punto 2 desta lei, para que as condicións de realización dos controis de dopaxe previstos nesta lei se realicen sempre, con independencia de quen as ordene, respectando estas limitacións horarias.

3. Os deportistas serán informados no momento de recibir a notificación do control e, de ser o caso, ao iniciarse a recolla da mostra, dos dereitos e obrigas que os asisten en relación co citado control, dos trámites esenciais do procedemento e das súas principais consecuen-

cias, do tratamento e cesión dos datos previstos nesta lei, así como da posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, establecidos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Entre estes incluírase o dereito a non se someter á proba, sen prexuízo do disposto no punto seguinte e do establecido no artigo 14.1.c) desta lei. O Consello Superior de Deportes establecerá un modelo normalizado de información para a recolla das mostras na realización dos controis de dopaxe.

4. Para os efectos dos procedementos disciplinarios en materia de dopaxe, a negativa sen xusta causa a someterse aos controis, unha vez documentada, constituirá proba suficiente para os efectos de reprimir a conduta do deportista. Enténdese por xusta causa a imposibilidade de acudir, como consecuencia acreditada de lesión ou cando a suxeición ao control, debidamente acreditada, poña en grave risco a saúde do deportista.

5. O documento que acredite a negativa a que se refire o punto anterior, realizada polo médico ou persoal sanitario habilitado, gozará da presunción de veracidade do artigo 137.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 7. *Obrigas accesorias.*

1. Os clubs, organizacións, grupos e demais entidades deportivas a que se refire o título III da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, ou que participen en actividades ou competicións deportivas organizadas no marco da citada lei, están obrigados a levar un libro, debidamente rexistrado na Axencia Estatal Antidopaxe e do cal exista garantía da súa integridade, en que farán constar os tratamentos médicos e sanitarios que lles prescribisen aos deportistas baixo a súa dirección, sempre que estes autoricen a dita inscrición.

Os deportistas terán dereito a solicitar, no momento da súa inscrición no libro, que se lles entregue unha copia do asento ou que o dato en cuestión sexa incorporado á súa tarxeta de saúde.

As asociacións deportivas a que se refire o título III da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, están obrigadas a levar un libro, debidamente rexistrado na Axencia Estatal Antidopaxe e do cal exista garantía da súa integridade, en que se farán constar os tratamentos médicos e sanitarios que lles prescribisen aos deportistas baixo a súa dirección, sempre que estes autoricen a devandita inscrición. O devandito libro rexistro terá a consideración de documento sanitario para os efectos de custodia e protección de datos.

A Axencia Estatal Antidopaxe poderá complementar ou substituír o libro rexistro por procedementos centralizados de base de datos con utilización das novas tecnoloxías da información e identificación electrónica como a sinatura dixital e os sistemas de historia electrónica única e centralizada.

Os deportistas terán dereito a solicitar, no momento da súa inscrición no libro, que se lles entregue unha copia do asento, en que conste debidamente identificado o facultativo ou profesional sanitario que, baixo a súa dirección, prescribiu ou realizou o tratamento médico ou sanitario e no cal debe constar a sinatura e o selo, se é o caso, do profesional responsable da atención sanitaria.

No libro rexistro cada actuación sanitaria deberá ser referendada pola sinatura do deportista como garantía de que se realizou a devandita actuación e que autorizou o asento no libro rexistro.

Calquera procedemento médico, terapéutico ou sanitario que se lle vaia prescribir ou aplicar a un deportista e que se considere dopaxe ou mesmo que se administre

con finalidade médica e a debida autorización terapéutica, deberá seguir un procedemento de consentimento informado que se regulará regulamentariamente e do cal se gardará copia no libro rexistro.

2. Esta obriga alcanza as federacións deportivas españolas cando os deportistas estean baixo a súa responsabilidade no marco das seleccións deportivas.

3. Nos deportes individuais, esta obriga recaerá sobre o deportista ou sobre a correspondente federación española na forma en que se indica no punto anterior.

4. As autorizacións de uso terapéutico que se expidan segundo a normativa vixente, así como as documentacións complementarias correspondentes, deberán quedar en custodia da Axencia Estatal Antidopaxe.

En caso de que se expidise unha autorización por parte dun organismo internacional a un deportista con licenza federativa para participar en competicións de ámbito estatal, o deportista ou a persoa que se designe para iso está obrigada a remitirle unha copia á Axencia Estatal Antidopaxe para o seu rexistro desde o inicio da súa validez.

Os órganos disciplinarios deportivos non poderán considerar válidas as autorizacións de uso terapéutico que non estean debidamente rexistradas na Axencia Estatal Antidopaxe.

A Axencia coordinará a información coa Axencia Mundial Antidopaxe e especialmente no que se refire ás autorizacións de uso terapéutico.

5. O tratamento e a cesión dos datos de carácter persoal a que se refiren os puntos anteriores axustarase, integramente, ás disposicións establecidas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

SECCIÓN 2.^a DOS CONTROIS E DA RESPONSABILIDADE DA SÚA REALIZACIÓN

Artigo 8. *Do tipo de controis que se poden realizar.*

1. Controis de dopaxe.

Para os efectos desta lei, considéranse controis de dopaxe o conxunto de actividades materiais realizadas por médicos e persoal sanitario habilitados, pola Axencia Estatal Antidopaxe e por un laboratorio de análise, debidamente homologado e autorizado, cuxa finalidade é comprobar a presenza ou non dalgunha substancia prohibida susceptible de producir dopaxe ou da utilización dun método non regulamentario, detectados mediante procedementos estandarizados nunha mostra extraída para tal efecto. En todo caso, os controis de dopaxe incluírán as actividades de planificación para a súa realización con garantías, a selección dos deportistas aos cales efectuar os controis, as modalidades, recollas e manipulación de mostras, as análises de laboratorio, así como a xestión e custodia dos resultados obtidos.

2. Controis e demais actividades de protección da saúde.

Enténdense por controis e actividades de protección da saúde, para os efectos desta lei, o conxunto de actuacións que a Comisión de Control e Seguimento da Saúde e a Dopaxe consideren necesarias en execución das funcións establecidas no artigo 3 desta lei para mellorar, controlar e previr os efectos contrarios á saúde que poida producir a actividade deportiva.

Para o exercicio destas funcións teranse en conta as peculiares características das distintas modalidades ou especialidades deportivas.

Para estes efectos a Comisión de Control e Seguimento da Saúde e a Dopaxe poderá ordenar a realización das actuacións previstas no artigo 3 desta lei, naquelas

modalidades ou especialidades deportivas en que o considere necesario polas súas peculiares características.

Así mesmo, a Comisión de Control e Seguimento da Saúde e a Dopaxe determinará, nos termos que establezan as normas de desenvolvemento regulamentario desta lei, aqueles supostos nos cales proceda a suspensión da licenza deportiva a un deportista por razóns de saúde.

Regulamentariamente, determinaranse as condicións e características que deberán revestir as actuacións de protección da saúde aos deportistas.

3. Inspección e control de caixas de primeiros auxilios.

Artigo 9. *Planificación dos controis.*

1. A Comisión de Control e Seguimento da Saúde e a Dopaxe determinará, de conformidade co indicado no artigo anterior, os controis de dopaxe, os controis de saúde e demais actuacións en materia de protección da saúde, que deben ser realizados polas entidades a que se refire o artigo 11 de lei.

2. Sen prexuízo do anterior, a Comisión de Control e Seguimento da Saúde e a Dopaxe, en función das características do respectivo deporte e da planificación que ao respecto se estableza, poderá someter os deportistas a controis fóra de competición, especialmente cando estes integren ou vaian integrar as seleccións deportivas españolas ou os equipos olímpicos. Estes controis teñen a consideración de adicionais respecto dos que poidan establecer as federacións deportivas.

3. Na realización dos controis e probas coidarase que estes se leven a cabo con pleno respecto aos dereitos fundamentais da persoa, á protección dos seus datos persoais e ás melloras prácticas para a realización das devanditas actividades.

Artigo 10. *Persoas responsables.*

Incorrerán nas responsabilidades que se deduzan da aplicación desta lei os deportistas a que se refire o artigo 1 desta lei, así como os profesionais que colaboren na atención daqueles.

Artigo 11. *Da competencia para a realización dos controis.*

1. Con carácter xeral, e sen prexuízo do indicado no artigo 9.2 desta lei, correspóndelles ás federacións deportivas españolas a realización das actuacións necesarias para levar a cabo os controis que determine a Comisión de Control e Seguimento da Saúde e a Dopaxe.

Cando a insuficiencia de medios ou a estrutura da propia federación así o xustifique, esta poderá solicitar, mediante a subscripción do correspondente convenio de colaboración, que a devandita función sexa integramente realizada pola Axencia Estatal Antidopaxe.

2. Nos controis de dopaxe, realizados en competición ou fóra de competición, aos deportistas con licenza federativa para participar en competicións oficiais de ámbito estatal, as análises destinadas á detección de substancias e métodos prohibidos no deporte deberanse realizar en laboratorios con acreditación internacional da Axencia Mundial Antidopaxe e aprobados ou homologados polo Estado.

3. Así mesmo, producirán efecto nos procedementos administrativos que se tramiten en España as análises realizadas polos laboratorios acreditados pola Axencia Mundial Antidopaxe, sempre que estes cumbran coas determinacións desta lei e que estean dentro dos previstos na letra g) do punto 2.2 do artigo 3 desta lei.

4. Nas competicións oficiais de carácter profesional, o convenio de coordinación entre a federación deportiva

española e a liga profesional correspondente determinará a forma, as condicións de realización e de financiamento dos controis, cuxa responsabilidade final e disciplinaria lle corresponde, unicamente, á respectiva federación deportiva, en razón da súa consideración de potestade pública legalmente delegada. En defecto de acordo, o financiamento dos controis que ordene a Comisión de Control e Seguimento da Saúde e a Dopaxe realizarase a partes iguais entre ambas as dúas institucións.

Artigo 12. *Publicidade da lista de substancias susceptibles de producir dopaxe e de métodos prohibidos no deporte.*

No marco dos compromisos e obrigas internacionais asumidos por España, e en particular no marco da Convención Antidopaxe da UNESCO, o Consello Superior de Deportes publicará no Boletín Oficial del Estado, mediante resolución da súa Presidencia, a lista de substancias e métodos prohibidos no deporte. Esta publicación terá carácter periódico e producirase, en todo caso, cando se introduzan cambios nela.

O Consello Superior de Deportes establecerá formas adicionais de información e de consulta da lista de substancias e métodos prohibidos mediante a súa inserción en páxinas dixitais de institucións e de entidades relacionadas co deporte, así como por calquera outro medio e soporte que facilite o seu coñecemento, difusión e accesibilidade.

CAPÍTULO III

Do réxime sancionador en materia de dopaxe no deporte

SECCIÓN 1.^a DA RESPONSABILIDADE EN MATERIA DE DOPAXE NO DEPORTE

Artigo 13. *Responsabilidade do deportista e o seu ámbito.*

1. Os deportistas aseguraranse de que ningunha substancia prohibida se introduza no seu organismo e serán responsables en calquera caso cando se produza a detección da súa presenza neste.

O alcance da responsabilidade será o determinado no réxime disciplinario que se establece no artigo seguinte e, especificamente, o réxime de gradación da responsabilidade previsto no artigo 19 desta lei.

2. O incumprimento desta obriga dará lugar á existencia de responsabilidades e á adopción das correspondentes medidas disciplinarias, de conformidade e co alcance previsto nos convenios internacionais ratificados por España e nos artigos 15 e concordantes desta lei.

3. Os deportistas, os seus adestradores federativos ou persoais, directivos, así como os clubs e equipos deportivos aos cales estea adscrito o deportista, responderán do incumprimento das obrigas impostas en materia de localización habitual dos deportistas.

4. Os deportistas, os seus adestradores, médicos ou persoal sanitario, directivos, dirixentes, así como os clubs e equipos deportivos, e restantes persoas do ámbito do deportista responderán polo incumprimento das disposicións que regulan a obriga de lles facilitar aos órganos competentes información sobre as enfermidades do deportista, tratamentos médicos a que estea sometido, alcance e responsable do tratamento, cando aquel autorízase a utilización de tales datos.

De igual forma, responderán polo incumprimento ou infracción dos requisitos establecidos para a obtención das autorizacións de uso terapéutico.

Artigo 14. *Tipificación de infraccións.*

1. Para os efectos desta lei, considéranse como infraccións moi graves:

a) o incumprimento das obrigas a que fai referencia o artigo 13.1 desta lei, que dea lugar á detección da presenza dunha substancia prohibida, ou dos seus metabolitos ou marcadores nas mostras físicas dun deportista;

b) a utilización, uso ou consumo de substancias ou métodos prohibidos ou non autorizados no deporte;

c) a resistencia ou negativa, sen xusta causa, a someterse aos controis de dopaxe, dentro e fóra da competición, cando sexan exixidos ou requiridos polos órganos ou persoas competentes; así como a obstrución, desatención, dilación indebida, ocultación e demais condutas que, por acción ou omisión, impidan, perturben ou non permitan atender os requirimentos formulados por órganos ou persoas competentes para a recolla de mostras ou para a realización de actuacións nos procedementos de control e represión da dopaxe;

d) o incumprimento reiterado das obrigas a que fai referencia o artigo 13.3 desta lei e dos requisitos relativos á localización e dispoñibilidade dos deportistas para a realización de controis fóra de competición;

e) o incumprimento das obrigas relativas á información sobre tratamentos médicos e obtención de autorizacións para o uso terapéutico a que fai referencia o artigo 13.4 desta lei, así como a vulneración do disposto no artigo 37 desta lei;

f) a alteración, falsificación ou manipulación de calquera elemento dos procedementos de control e de represión da dopaxe;

g) a posesión de substancias ou a utilización de métodos prohibidos ou non autorizados no deporte, cando se careza dunha autorización de uso terapéutico ou médico para a súa administración ou dispensación, ou cando o volume ou cantidade das substancias, útiles ou métodos sexa inxustificadamente elevado ou desproporcionado para a súa administración ou aplicación con fins médicos ou terapéuticos;

h) a administración, dispensación, ofrecemento, facilitación ou subministración aos deportistas de substancias ou a utilización de métodos non regulamentarios ou prohibidos na práctica deportiva;

i) a promoción, incitación, contribución, instigación ou facilitación das condicións para a utilización de substancias ou métodos prohibidos ou non regulamentarios, ou calquera outra actividade que alente os deportistas a utilizaren produtos ou realizaren condutas non permitidas polas normas de control de dopaxe ou que teña por obxecto pór á disposición dos deportistas substancias ou métodos prohibidos ou non autorizados no deporte;

j) a colaboración ou participación, por acción ou omisión, na posta en práctica dos métodos non regulamentarios ou en calquera outra conduta que vulnere a normativa contra a dopaxe.

2. Consideranse infraccións graves:

a) o incumprimento das obrigas a que fai referencia o artigo 13.3 desta lei e a vulneración dos requisitos relativos á localización e dispoñibilidade dos deportistas para a realización de controis fóra de competición, salvo que se cometan de forma reiterada; neste caso consideraranse infraccións moi graves;

b) as condutas descritas nas letras a) b), e) e g) do punto anterior, cando afecten, versen ou teñan por obxecto substancias ou métodos identificados no correspondente instrumento xurídico como de menor gravidade, salvo que se cometan de forma reiterada; neste caso consideraranse infraccións moi graves;

c) a contratación, adxudicación, asignación ou encomenda da realización material de actividades sanitarias a

persoas ou entidades que carezan ou teñan suspendida a licenza federativa ou a habilitación equivalente, cando este requisito resulte exixible para a realización de tales actividades; así como a realización material das referidas actividades sen dispor de licenza federativa ou habilitación equivalente ou estando suspendida a que se obtivese.

Artigo 15. *Sancións aos deportistas.*

1. Pola comisión das infraccións moi graves previstas nas letras a) b) c) d), e) f), g) e j) do punto primeiro do artigo 14, imponense as sancións de suspensión ou privación de licenza federativa por un período de dous a catro anos e, de ser o caso, multa de 3.001 a 12.000 euros. Cando se cometan por segunda vez as referidas condutas, a sanción consistirá na privación de licenza federativa a perpetuidade e, de ser o caso, a correspondente sanción pecuniaria, de acordo co disposto no punto terceiro do artigo 19 desta lei.

2. Pola comisión das infraccións moi graves previstas nas letras h) e i) do punto primeiro do artigo 14, imponense as sancións de suspensión ou privación de licenza federativa por un período de catro a seis anos e, de ser o caso, multa de 3.001 a 12.000 euros. Cando se cometa unha segunda infracción, a sanción consistirá na privación de licenza federativa a perpetuidade e, de ser o caso, a correspondente sanción pecuniaria, de acordo co disposto no punto terceiro do artigo 19 desta lei.

3. Pola comisión das infraccións graves previstas no punto segundo do artigo 14 desta lei, imponese a sanción de suspensión ou privación de licenza federativa por un período de tres meses a dous anos e, de ser o caso, multa de 1.500 a 3.000 euros. Cando se incorra por segunda vez nalgún dos ilícitos antes referidos, a conduta será cualificada como infracción moi grave e dará lugar á aplicación das sancións de suspensión ou privación de licenza federativa por un período de dous a catro anos e, de ser o caso, multa de 3.001 a 12.000 euros. Se se cometer unha terceira infracción, a sanción consistirá na privación de licenza federativa a perpetuidade e, de ser o caso, a correspondente sanción pecuniaria, de acordo co disposto no punto terceiro do artigo 19 desta lei.

Artigo 16. *Sancións aos clubs e equipos deportivos.*

1. Pola comisión das infraccións moi graves previstas no punto primeiro do artigo 14 desta lei, imponense as sancións de multa de 6.001 a 24.000 euros e, de ser o caso, perda de puntos ou postos na clasificación ou descenso de categoría ou división. Cando nas referidas condutas estea involucrado un menor de idade, ou en caso de reincidencia, a sanción pecuniaria unicamente poderá ter carácter accesorio e sancionarse con multa de 24.001 a 50.000 euros.

2. Pola comisión das infraccións graves recollidas nas letras a) b) e c) do punto segundo do artigo 14 desta lei, imponese a sanción de multa de 1.500 a 6.000 euros. Cando se incorra por segunda vez nalgún dos ilícitos antes referidos, a conduta será cualificada como infracción moi grave e dará lugar á aplicación das sancións de multa de 6.001 a 24.000 euros e, de ser o caso, perda de puntos ou postos na clasificación ou descenso de categoría ou división. Se se cometer unha terceira infracción, a sanción pecuniaria unicamente poderá ter carácter accesorio e sancionarse con multa de 24.001 a 50.000 euros.

Artigo 17. *Sancións a técnicos, xuíces, árbitros, demais persoas con licenza deportiva, directivos, dirixentes ou persoal de federacións deportivas españolas, de ligas profesionais, de entidades organizadoras de*

competicións deportivas de carácter oficial, clubs ou equipos deportivos.

1. Pola comisión das infraccións moi graves previstas nas letras b) c) d), e), f), g) e j) do punto primeiro do artigo 14 desta lei imporanse as sancións de inhabilitación temporal para o desempeño de cargos deportivos ou privación ou suspensión de licenza deportiva ou habilitación equivalente durante un período de dous a catro anos e, de ser o caso, multa de 3.001 a 12.000 euros. Cando nas referidas condutas estea involucrado un menor de idade, ou cando se cometan por segunda vez, a sanción consistirá na inhabilitación para o desempeño de cargos deportivos ou privación ou suspensión de licenza deportiva ou habilitación equivalente a perpetuidade e, de ser o caso, a correspondente sanción pecuniaria de acordo co disposto no punto terceiro do artigo 19 desta lei.

2. Pola comisión das infraccións moi graves previstas nas letras h) e i) do punto primeiro do artigo 14 desta lei, imporanse as sancións de inhabilitación para o desempeño de cargos deportivos ou privación ou suspensión de licenza deportiva ou habilitación equivalente durante un período de catro a seis anos e, de ser o caso, multa de 3.001 a 12.000 euros. Cando nas referidas condutas estea involucrado un menor de idade, ou cando se cometan por segunda vez, a sanción consistirá na inhabilitación para o desempeño de cargos deportivos ou privación ou suspensión de licenza deportiva ou habilitación equivalente a perpetuidade e, de ser o caso, a correspondente sanción pecuniaria, de acordo co disposto no punto terceiro do artigo 19 desta lei.

3. Pola comisión das infraccións graves recollidas nas letras a) b) e c) do punto segundo do artigo 14, imponse a sanción de suspensión ou privación de licenza federativa por un período de tres meses a dous anos e, de ser o caso, multa de 1.500 a 3.000 euros. Cando se incorra por segunda vez nalgún dos ilícitos antes referidos, a conduta será cualificada como infracción moi grave e dará lugar á aplicación das sancións de inhabilitación para o desempeño de cargos deportivos ou privación ou suspensión de licenza deportiva ou habilitación equivalente por un período de dous a catro anos e, de ser o caso, multa de 3.001 a 12.000 euros. Se se cometer unha terceira infracción, a sanción consistirá na inhabilitación para o desempeño de cargos deportivos ou privación ou suspensión de licenza deportiva ou habilitación equivalente a perpetuidade e, de ser o caso, a correspondente sanción pecuniaria, de acordo co disposto no punto terceiro do artigo 19 desta lei.

4. As persoas físicas ou xurídicas que realicen as condutas tipificadas como infraccións nesta sección, sen dispor de licenza federativa ou de habilitación equivalente, pero prestando servizos ou actuando por conta de federacións deportivas españolas, ligas profesionais ou entidades organizadoras de competicións deportivas de carácter oficial por delegación das anteriores, ou as persoas ou entidades integradas dentro das ditas organizacións, non poderán obter licenza deportiva ou habilitación equivalente, nin exercer os dereitos derivados da licenza deportiva por un período equivalente á duración das sancións de inhabilitación para o desempeño de cargos deportivos, privación ou suspensión de licenza deportiva ou habilitación equivalente.

Estas condutas serán consideradas como infracción da boa fe contractual para os efectos do artigo 54.2.d) do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos traballadores.

As federacións deportivas españolas, ligas profesionais e entidades organizadoras de competicións deportivas de carácter oficial adaptarán a súa normativa para incluír estas previsións, que serán compatibles coa responsabilidade civil que en cada caso proceda e coa depuración das responsabilidades que resulten exixibles en

virtude do disposto polo artigo 13 desta lei e polos puntos anteriores desta disposición.

Artigo 18. Sancións aos médicos e demais persoal sanitario de clubs ou equipos.

1. Os médicos de equipo e demais persoal que realicen funcións sanitarias baixo licenza deportiva ou habilitación equivalente e que incorran nalgunha das condutas previstas nas letras c), e), f), g) e j) do punto primeiro do artigo 14 desta lei, serán sancionados con privación ou suspensión de licenza federativa durante un período de dous a catro anos e multa económica de 6.001 a 24.000 euros. Cando nas referidas condutas estea involucrado un menor de idade, ou cando se cometan por segunda vez, a sanción consistirá na privación de licenza federativa a perpetuidade e, de ser o caso, a correspondente sanción pecuniaria, de acordo co disposto no punto terceiro do artigo 19 desta lei.

2. Os médicos de equipo e demais persoal que realicen funcións sanitarias baixo licenza deportiva ou habilitación equivalente e que incorran nalgunha das condutas previstas nas letras h) e i) do punto primeiro do artigo 14 desta lei, serán sancionados con privación ou suspensión de licenza federativa durante un período de catro a seis anos e multa económica de 3.001 a 12.000 euros. Cando nas referidas condutas estea involucrado un menor de idade, ou cando se cometan por segunda vez, a sanción consistirá na privación de licenza federativa a perpetuidade e, de ser o caso, a correspondente sanción pecuniaria, de acordo co disposto no punto terceiro do artigo 19 desta lei.

3. Os médicos de equipo e demais persoal que realice funcións sanitarias baixo licenza deportiva ou habilitación equivalente e que incorran nas condutas tipificadas como infraccións graves polo punto segundo do artigo 14 serán sancionados con privación ou suspensión de licenza federativa por un período de tres meses a dous anos e, de ser o caso, multa de 1.500 a 3.000 euros. Cando se incorra por segunda vez nalgún dos ilícitos antes referidos, a conduta será cualificada como infracción moi grave e dará lugar á aplicación das sancións de suspensión ou privación de licenza federativa por un período de dous a catro anos e, de ser o caso, multa de 3.001 a 12.000 euros. Se se cometer unha terceira infracción, a sanción consistirá na privación de licenza federativa a perpetuidade e, de ser o caso, a correspondente sanción pecuniaria de acordo co disposto no punto terceiro do artigo 19 desta lei.

4. Cando o persoal que realice funcións sanitarias incorra en condutas tipificadas como infraccións nesta sección, sen dispor de licenza federativa ou de habilitación equivalente, pero preste servizos ou actúe por conta de federacións deportivas españolas, ligas profesionais ou entidades organizadoras de competicións deportivas de carácter oficial, ou de persoas ou entidades integradas dentro das ditas organizacións, non poderá obter licenza deportiva ou habilitación que faculte para realizar funcións sanitarias, nin exercer os dereitos derivados da licenza deportiva por un período equivalente á duración das sancións de privación ou suspensión de licenza deportiva ou habilitación equivalente.

Estas condutas serán consideradas como infracción da boa fe contractual para os efectos do artigo 54.2.d) do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos traballadores.

As federacións deportivas españolas, ligas profesionais e entidades organizadoras de competicións deportivas de carácter oficial adaptarán a súa normativa para incluír estas previsións, que serán compatibles coa responsabilidade civil que en cada caso proceda e coa depu-

ración das responsabilidades que resulten exixibles en virtude do disposto nesta sección.

5. Sen prexuízo do disposto no punto anterior e das responsabilidades que proceda exixir polas condutas tipificadas nesta sección, os órganos disciplinarios comunicaranlles aos correspondentes colexios profesionais os actos realizados polo persoal que realice funcións sanitarias, para os efectos do previsto no artigo 43 desta lei.

Artigo 19. *Criterios para a imposición de sancións en materia de dopaxe.*

1. Cando un deportista incorra por primeira vez nunha das infraccións previstas nesta norma imporánse-lle, aplicando o principio de proporcionalidade, as sancións establecidas no artigo correspondente apreciando as circunstancias concorrentes.

Para a apreciación das circunstancias concorrentes e a gradación da sanción utilizaranse, en todo caso, os criterios establecidos no Código Mundial Antidopaxe.

2. Adicionalmente e sen prexuízo do disposto no artigo 26 desta lei, a gradación das sancións farase atendendo ao criterio de proporcionalidade e das circunstancias que concorran en cada caso, especificamente as que se refiren á existencia de intencionalidade, coñecemento, grao de responsabilidade das súas funcións e natureza dos prexuízos causados, así como as demais que poidan servir para a modulación da responsabilidade.

3. En caso dunha segunda infracción moi grave, a sanción consistirá na privación con carácter definitivo de licenza federativa ou habilitación equivalente, na inhabilitación definitiva para o desempeño de cargos federativos ou privación de licenza federativa con carácter definitivo e, de ser o caso, a imposición da correspondente sanción pecuniaria na súa contía máxima.

Artigo 20. *Imposición de sancións pecuniarias.*

1. As sancións persoais de multa, nos casos de deportistas, só se poderán impor cando estes obteñan ingresos que estean asociados á actividade deportiva desenvolvida.

2. As multas impostas polas federacións deportivas españolas, a Comisión de Control e Seguimento da Saúde e a Dopaxe e, de ser o caso, polo Comité Español de Disciplina Deportiva, serán executadas, en caso de non-pagamento, de forma forzosa segundo os termos establecidos no Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación.

3. O produto das multas recadado polo procedemento previsto no punto anterior constitúe un ingreso de dereito público que se afecta ao cumprimento dos fins de investigación indicados no artigo 4 e que lle permitirán xerar ao Consello Superior de Deportes os créditos necesarios para o desenvolvemento da devandita actividade, cuxa realización material se levará a cabo de conformidade co establecido nesta lei.

Artigo 21. *Consecuencias accesorias da infracción e alteración de resultados.*

1. Nos deportes individuais, a comisión de infraccións previstas nesta sección implicará a retirada de premios ou medallas, a anulación dos resultados individuais e a descualificación absoluta do deportista na proba ou competición en cuestión, nos campionatos de que forme parte ou aos cales estea vinculada a proba ou competición.

Os órganos disciplinarios poderán estender estas medidas ás probas, competicións ou campionatos que se celebren con posterioridade, en datas adxacentes ou

coincidindo coa toma de mostras ao deportista ou coa comisión da infracción.

2. Nos deportes de equipo, e con independencia das sancións que poidan corresponder en virtude do disposto polo artigo 16 desta lei, os órganos disciplinarios deberanse pronunciar sobre a procedencia de alterar, se é o caso, o resultado dos encontros, probas, competicións ou campionatos. Para iso ponderarán as circunstancias concorrentes e, en todo caso, a participación decisiva no resultado do encontro, proba ou competición dos que cometesen infraccións en materia de dopaxe tipificadas nesta sección e a implicación de menores de idade nas referidas condutas.

3. Cando pola natureza da infracción sexa posible, toda sanción que se impuxer levará consigo o comiso das substancias e útiles que producen ou sexan susceptibles de producir dopaxe no deporte. As substancias e útiles que fosen definitivamente comisados por resolución sancionadora serán adxudicados á Axencia Estatal Antidopaxe, ata que, regulamentariamente, se determine o destino final destes, todo iso sen prexuízo do disposto no artigo 40 desta lei para o comiso como medida preventiva.

Artigo 22. *Eficacia das sancións e perda da capacidade para obter licenza deportiva.*

1. A imposición de sancións relacionadas coa dopaxe no deporte constitúe un suposto de imposibilidade para obter ou exercer os dereitos derivados da licenza deportiva en calquera ámbito territorial, nos termos previstos no artigo 32.4 da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte.

2. Cando a sanción fose imposta por un órgano diferente dos previstos nesta lei, os deportistas poderán instar do Comité Español de Disciplina Deportiva a declaración de compatibilidade da sanción imposta co ordenamento xurídico español, no que se refire aos principios que informan a potestade sancionadora pública. O procedemento que se vai seguir para efectuar esta reclamación establecerase regulamentariamente.

3. Os deportistas que fosen sancionados en materia de dopaxe deberanse someter a un control previo para a obtención dunha nova licenza ou o reinicio da actividade deportiva, sen prexuízo do disposto nos artigos 5.2 e 14.1.c) desta lei.

Artigo 23. *Prohibición do bis in ídem.*

Non se poderán sancionar os feitos que fosen sancionados penalmente, nos casos en que se aprecie identidade de suxeito, feito e fundamento.

O órgano disciplinario suspenderá a tramitación do procedemento sancionador cando se advirtan indicios de delito. En tal caso, deberá dar coñecemento dos feitos ao Ministerio Fiscal.

Así mesmo, o órgano disciplinario suspenderá a tramitación do procedemento sancionador cando, concurriendo a tripla identidade antes referida, teña noticia de que os mesmos feitos están sendo perseguidos en vía penal, sen prexuízo do seu posterior reinicio se procedese.

Artigo 24. *Causas de extinción da responsabilidade.*

As causas de extinción total ou parcial, segundo proceda, da responsabilidade disciplinaria son as seguintes:

a) Cumprimento da sanción.

As normas de desenvolvemento desta lei e as que poidan ditar as federacións e entidades deportivas non poderán prever efecto adicional de ningún tipo para os deportistas que cumprisen a súa sanción.

b) Prescrición da infracción.

Os termos da prescrición da infracción son os previstos no artigo seguinte.

c) Colaboración na detección, localización e posta á disposición dos organismos competentes das persoas ou dos grupos organizados que subministren, faciliten ou proporcionen o uso de substancias ou a utilización de métodos prohibidos no deporte por seren causantes de dopaxe. Neste caso a extinción será parcial.

Os termos da extinción desta responsabilidade determinaranse conforme os criterios dos artigos 19 e 26 desta lei.

Artigo 25. *Prescrición das infraccións e as sancións.*

1. As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos e as graves aos dous anos. As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos e as impostas por faltas graves aos dous anos.

2. O prazo de prescrición das infraccións comezase a contar desde o día en que a infracción se cometese.

Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, continuándose o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivese paralizado máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable. Malia o anterior, manterase a interrupción da prescrición en caso de suspensión do procedemento sancionador por algunha das causas do artigo 23 desta lei, continuándose o seu cómputo cando transcorra un mes desde que legalmente se poida retomar o procedemento.

3. O prazo de prescrición das sancións comezase a contar desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola cal se impón a sanción.

Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, volvendo transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao infractor. Así mesmo, interromperá o prazo de prescrición a iniciación de procedemento conducente á extinción da sanción por colaboración, continuándose cando, rematado este sen concesión, transcorra un mes desde a súa resolución.

Artigo 26. *Colaboración na detección.*

1. O deportista poderá quedar exonerado parcialmente de responsabilidade administrativa e, de ser o caso, non será sometido a procedemento sancionador se denuncia ante as autoridades competentes os autores ou cooperadores, persoas físicas ou xurídicas, ou coopera e colabora coa Administración competente, proporcionando datos esenciais ou testificando, se é o caso, no procedemento ou proceso correspondente contra aqueles. Para a aplicación desta previsión a denuncia e, se é o caso, as probas que se acheguen, deberán ter entidade suficiente para permitir a incoación de procedemento sancionador ou, de ser o caso, a iniciación do correspondente proceso xudicial.

2. A exoneración prevista no punto anterior e a extinción total ou parcial da responsabilidade referida na letra c) do artigo 24 desta lei, será proporcionada aos termos da denuncia e a colaboración, a súa eficacia e solvencia xurídica para a loita contra a dopaxe. A competencia para apreciar a exoneración e a extinción total ou parcial das sancións impostas corresponderá, respectivamente, ao órgano disciplinario ou ao que adoptou a sanción en orixe. Non se poderá conceder antes da incoación do procedemento sancionador ou, se é o caso, da iniciación do correspondente proceso xudicial que deriven da súa denuncia, e en todo caso requirirá informe da Comisión de Control e Seguimento da Saúde e a Dopaxe, salvo que este fose o órgano competente.

3. Atendidas as circunstancias concorrentes no caso, especialmente a ausencia de antecedentes do deportista, o órgano disciplinario poderá, nos supostos de exoneración e extinción parcial, suspender a execución da sanción sempre que esta constituía a primeira sanción en materia de dopaxe. Na adopción desta medida serán de aplicación os criterios previstos no punto anterior. A suspensión acordada quedará automaticamente revogada se o deportista fose sometido a un procedemento disciplinario posterior por infracción desta lei.

SECCIÓN 2.^a DO PROCEDEMENTO PARA A IMPOSICIÓN DE SANCIÓN EN MATERIA DE DOPAXE NO DEPORTE

Artigo 27. *Competencia en materia de procedementos disciplinarios para a represión da dopaxe no deporte.*

1. A potestade disciplinaria en materia de dopaxe correspóndelles ao Consello Superior de Deportes e, por delegación, nos termos previstos nesta lei, ás federacións deportivas españolas.

2. A instrución e resolución dos expedientes disciplinarios correspóndelles, inicialmente, aos órganos disciplinarios das federacións deportivas españolas previstos nos seus estatutos e regulamentos.

3. Os expedientes deberán ser resoltos polos órganos disciplinarios das federacións nun prazo máximo de dous meses, contados desde a comunicación fidedigna do resultado polo laboratorio ao órgano disciplinario. Transcorrido o devandito prazo sen que o expediente fose resolto, calquera que sexa o trámite en que se atope, a competencia será asumida pola Comisión de Control e Seguimento da Saúde e a Dopaxe, que continuará os trámites previstos ata a súa finalización e resolución.

Malia o anterior, e tendo en conta as circunstancias concorrentes nun expediente concreto, a Comisión de Control e Seguimento da Saúde e a Dopaxe poderá prorrogar, por un prazo máximo dun mes, o período a que se refire o punto anterior, sempre que medie petición expresa anterior á caducidade do prazo.

4. A instrución e resolución dos expedientes disciplinarios que, por incumprimento das prescricións desta lei, proceda levar a cabo e que afecten directivos das federacións deportivas españolas, ligas profesionais e, de ser o caso, entidades con funcións análogas, corresponderalle en única instancia administrativa ao Comité Español de Disciplina Deportiva. O procedemento tramitarase conforme as normas da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, e a súa normativa de desenvolvemento. Sen prexuízo do disposto na disposición derradeira segunda desta lei, ao procedemento e revisión administrativa non lles será de aplicación o disposto nos artigos 28 e 29 desta lei.

Artigo 28. *Procedemento disciplinario.*

1. O procedemento iníciase por resolución do órgano disciplinario da correspondente federación deportiva española, como consecuencia da comunicación que lle faga, de forma directa, o laboratorio de control da dopaxe actuante ao órgano disciplinario da correspondente federación. Unha vez recibida a devandita comunicación, procederase á apertura inmediata do procedemento disciplinario, sen que as análises e demais elementos da comunicación do laboratorio poidan ser coñecidos por ningún outro órgano federativo distinto ao disciplinario.

Os laboratorios adoptarán as medidas necesarias para que esta comunicación se realice en condicións que permitan manter o anonimato e a reserva da identidade do deportista.

Unha vez cumprido o prazo de prescrición previsto no artigo 25.1 desta lei ou cando recaese resolución firme no

correspondente procedemento disciplinario ou causa penal, os laboratorios de control da dopaxe non poderán manter mostras vinculadas a unha persoa identificable.

2. O procedemento disciplinario incóase e instrúese de oficio en todos os seus trámites.

3. Malia o anterior, poderanse denunciar ante a Comisión de Control e Seguimento da Saúde e a Dopaxe aqueles feitos que proporcionen indicios de veracidade sobre a comisión de presuntas condutas ou prácticas de dopaxe. Admitida a denuncia pola Comisión, esta poderá ordenar a realización de controis aos deportistas afectados, con carácter de medida previa á incoación do correspondente expediente disciplinario.

A Comisión de Control e Seguimento da Saúde e a Dopaxe establecerá un procedemento para manter en segredo a identidade do denunciante fronte a todos cantos interveñan nos procedementos disciplinarios e nas actuacións previas a estes. Concluídas as actuacións previas que, en cada caso, sexan pertinentes, darase traslado do expediente ao órgano disciplinario competente para a incoación do procedemento sancionador.

4. Os procedementos en materia de dopaxe tramítanse en sede federativa, en única instancia, ante o órgano disciplinario competente en materia de dopaxe que se designe nos seus estatutos, sen que poidan ser obxecto de ningún recurso dentro destas, xa sexa este ordinario ou potestativo. A súa tramitación terá carácter de preferente, co fin de cumprir os prazos establecidos nesta lei.

5. As sancións impostas polos órganos disciplinarios competentes son inmediatamente executivas salvo que o órgano arbitral ou xurisdiccional, logo de adopción de garantías conducentes ao aseguramento da eficacia da resolución para o caso dunha eventual desestimación, acorde a súa suspensión.

6. A incoación do procedemento e a resolución que poña fin a este deberá ser obxecto de comunicación á Comisión de Control e Seguimento da Saúde e a Dopaxe. Cando sexa este órgano o que deba actuar como órgano sancionador, a incoación do procedemento e a resolución que poña fin a este deberá ser obxecto de comunicación á Axencia Estatal Antidopaxe.

SECCIÓN 3.^a DA REVISIÓN DAS SANCIÓNS EN MATERIA DE DOPAXE NO DEPORTE

Artigo 29. *Do específico sistema de recurso administrativo en materia de dopaxe no deporte.*

1. A revisión, en vía administrativa, das resolucións ditadas polos órganos disciplinarios das federacións deportivas españolas ou pola Comisión de Control e Seguimento da Saúde e a Dopaxe levarase a cabo baixo fórmula arbitral ante unha sección específica do Comité Español de Disciplina Deportiva. O prazo para solicitar a revisión será de quince días, contados desde o seguinte ao da notificación. Transcorrido este prazo, a resolución gañará firmeza.

O órgano arbitral estará presidido por un membro do Comité Español de Disciplina Deportiva e composto por outros dous membros designados, respectivamente, polo deportista interesado e por acordo entre o membro do Comité Español de Disciplina Deportiva e o interesado. No suposto de que non se chegase a un acordo, e ambos os dous conveñesen en manifestar a súa imposibilidade, o terceiro membro será o presidente do citado comité.

Todos eles deberán ser licenciados en dereito.

2. Cando a solicitude de revisión sexa formulada pola Comisión de Control e Seguimento da Saúde e a Dopaxe ou pola Axencia Estatal Antidopaxe, teranse en conta as seguintes regras:

a) Será parte no procedemento o presunto infractor e daráselle traslado da solicitude de revisión para que, no

prazo de cinco días, formule alegacións. Mentres non transcorra este tempo, comparecese ou non o presunto infractor, non comezará o cómputo do prazo para resolver.

b) A composición da sección será a seguinte: un membro nomeado polo presunto infractor, outro polo órgano solicitante da revisión e o terceiro, que actuará como presidente, será un membro do Comité Español de Disciplina Deportiva. Se non comparecese o presunto infractor, aquel membro será designado, de común acordo, entre o solicitante da revisión e o membro do Comité Español de Disciplina Deportiva.

c) Cando solicitasen a revisión tanto o infractor como algún destes órganos, manterase a composición anterior e acumularase para os efectos da súa resolución nun único procedemento.

3. Este específico sistema de revisión ten, de conformidade co disposto no artigo 107.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a condición de mecanismo substitutivo do recurso administrativo.

A revisión administrativa especial, con fórmula arbitral, terá por obxecto a determinación de se a resolución ditada polos órganos disciplinarios se axusta a dereito, ou se, dentro dos termos que determina esta lei, procede outra diferente ou o sobreseimento do procedemento. A resolución pode supor a confirmación da sanción, a súa modificación, a súa redución ou revogación, dentro dos termos sancionadores que se fixan nesta lei.

A organización da actividade arbitral do Comité Español de Disciplina Deportiva e o procedemento para a resolución dos supostos desenvolverase, regulamentariamente, primando o principio de inmediatez. Así mesmo, deberanse respectar os principios establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución será dun mes.

Os gastos do procedemento arbitral serán sufragados polas partes que soliciten os respectivos trámites e os gastos comúns sufragaranse a partes iguais entre todos os comparecentes.

4. As resolucións do Comité Español de Disciplina Deportiva nesta materia esgotan a vía administrativa e contra estas unicamente se poderá interpor recurso contencioso-administrativo.

O recurso contencioso-administrativo tramitarase en única instancia e polo procedemento abreviado previsto no artigo 78 da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

CAPÍTULO IV

Das relacións con federacións deportivas internacionais e coas entidades que rexen, no ámbito internacional, a actividade deportiva

Artigo 30. *Controis de dopaxe que se realizarán en competicións internacionais que se celebren en España.*

1. A responsabilidade da ordenación e realización de controis de dopaxe nas competicións internacionais celebradas en España correspóndelles ao Comité Olímpico Internacional ou ás federacións deportivas ou institucións internacionais que, respectivamente, as organicen ou a aquelas federacións nas cales estas deleguen a citada organización.

2. Así mesmo, correspóndelles o exercicio da potestade disciplinaria, sen prexuízo do previsto no artigo 22 desta lei, en relación coa eficacia das sancións que eles poidan impor.

3. A realización efectiva de controis de dopaxe nestas competicións internacionais celebradas en España

estar condicionada, conforme o disposto na Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, á autorización que debe outorgar o Consello Superior de Deportes.

Artigo 31. *Controis de dopaxe fóra de competición a deportistas con licenza estranxeira que estean en España.*

A Comisión de Control e Seguimento da Saúde e a Dopaxe, ao igual que a Axencia Estatal Antidopaxe, poderán ordenar, sen menoscabo das competencias autonómicas, a realización de controis fóra de competición a deportistas estranxeiros que estean en España e utilicen centros e instalacións de adestramento de titularidade pública.

Para os efectos oportunos, os resultados analíticos seranlles comunicados á respectiva federación deportiva internacional e á Axencia Mundial Antidopaxe.

Artigo 32. *Controis de dopaxe fóra de competición realizados en España a deportistas con licenza española por parte de organizacións internacionais.*

1. A realización destes controis exige que, con carácter previo, se lle notifiquen á Axencia Estatal Antidopaxe a súa proposta de realización e as condicións materiais da súa realización.

Só se poderán levar a cabo estes controis de dopaxe se cumpren os requisitos establecidos nos artigos 8 e concordantes desta lei.

2. As organizacións deportivas internacionais e a Axencia Estatal Antidopaxe poderán subscribir acordos e convenios de colaboración para que sexa esta última quen realice materialmente os controis de dopaxe que aquelas teñan que levar a cabo en España.

Artigo 33. *Efectos das sancións impostas polas organizacións internacionais a deportistas e demais persoas con licenza española.*

As sancións impostas por organizacións internacionais, ás cales estean adscritas as respectivas federacións deportivas españolas, aplicaranse en España e producirán a suspensión da licenza federativa e a inhabilitación para participar en competicións oficiais a que se refiren o artigo 22 desta lei e o artigo 32.4 da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, salvo que o Comité Español de Disciplina Deportiva declare a sanción como contraria ao ordenamento xurídico español.

CAPÍTULO V

Do tratamento dos datos relativos á dopaxe e á saúde no deporte

SECCIÓN 1.^a DA CONFIDENCIALIDADE DOS DATOS RELATIVOS Á DOPAXE E Á PROTECCIÓN DA SAÚDE NO DEPORTE

Artigo 34. *Da responsabilidade dos empregados públicos.*

1. O persoal que desempeñe as funcións de control da dopaxe deberá gardar a confidencialidade e o segredo respecto dos asuntos que coñeza por razón do seu traballo.

2. Os datos, informes ou antecedentes obtidos no desenvolvemento das súas funcións só se poderán utilizar para os fins de control da dopaxe e, de ser o caso, para a denuncia de feitos que poidan ser constitutivos de infracción administrativa ou de delito.

3. Con independencia da responsabilidade que proceda, de acordo coa lexislación específica, en particular en materia de protección de datos de carácter persoal, as

infraccións na custodia e, de ser o caso, a difusión dos datos relativos aos controis e procedementos en materia de dopaxe teñen a consideración de moi grave para os efectos da lexislación dos funcionarios públicos.

Así mesmo, as ditas condutas terán a consideración de infracción prevista na alínea d) do artigo 54.2 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos traballadores respecto do persoal laboral ao servizo das administracións públicas.

4. A determinación destas responsabilidades correspóndelles aos órganos disciplinarios competentes en materia de función pública.

Artigo 35. *Da responsabilidade dos dirixentes e persoal de entidades deportivas.*

1. Os presidentes e os membros dos órganos disciplinarios e deportivos que participen ou coñezan, por razón do seu cargo, datos relativos ao control de dopaxe deberán gardar a confidencialidade e o segredo respecto destes.

2. Os datos, informes ou antecedentes obtidos no desenvolvemento das súas funcións só se poderán utilizar para os fins do control e, de ser o caso, para a denuncia de feitos que poidan ser constitutivos de infracción administrativa ou de delito.

3. Sen prexuízo das responsabilidades que procedan de acordo coa lexislación específica, as infraccións a que se refiren os puntos anteriores terán a consideración de moi grave de entre as previstas no artigo 76.2 da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte.

4. As infraccións que se poidan cometer nesta materia serán determinadas por instancia da Presidencia do Consello Superior de Deportes, polo Comité Español de Disciplina Deportiva.

SECCIÓN 2.^a DA CESIÓN DE DATOS RELATIVOS Á DOPAXE NO DEPORTE

Artigo 36. *Autorización de cesión de datos.*

Os datos e ficheiros relativos aos controis de dopaxe poderán ser cedidos, nos termos previstos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, aos organismos públicos ou privados de que o noso país sexa parte e que participen na loita contra a dopaxe no ámbito deportivo, no marco do que dispoñan os compromisos internacionais legalmente vinculantes asumidos por España.

TÍTULO II

Das medidas de control e supervisión de produtos, medicamentos e complementos nutricionais, que conteñan substancias prohibidas na actividade deportiva

CAPÍTULO I

Do control dos produtos susceptibles de producir dopaxe na actividade deportiva

Artigo 37. *Obriga de declaración dos produtos susceptibles de producir dopaxe no deporte.*

1. Sen prexuízo das competencias que lles corresponden ás comunidades autónomas, os equipos que participen en competicións que se celebren no ámbito de aplicación desta lei están obrigados a levar un libro de rexistro, nos termos que regulamentariamente se deter-

mine, no cal quede constancia fidedigna dos produtos que se lles dispensaron ou recitaron aos deportistas, o médico que ordena ou autoriza a dita utilización, o período e a forma de prescripción.

2. Os deportistas, equipos ou grupos deportivos e os directivos estranxeiros que os representen están obrigados, cando entren en España para participar nunha actividade ou competición deportiva, a lle remitir á Axencia Estatal Antidopaxe, debidamente cubertos, os formularios que esta estableza, nos cales se identifiquen os produtos que transportan para o seu uso, as súas unidades e o médico responsable da súa administración. Cando a actividade ou competición deportiva sexa organizada por federacións deportivas autonómicas, corresponderalle á comunidade autónoma respectiva a facultade para establecer este tipo de obrigas e o seu alcance.

Artigo 38. *Rastrexabilidade de determinados produtos.*

A Comisión de Control e Seguimento da Saúde e a Dopaxe poderá solicitar da Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios, así como da Axencia Española de Seguranza Alimentaria, que se adopten as medidas necesarias para coñecer, en todo o ciclo produtivo e de dispensación e comercialización, aqueles produtos susceptibles de producir dopaxe no ámbito do deporte, por considerar que as súas circunstancias intrínsecas e a súa potencial afección á saúde pública deban ser obxecto dun especial seguimento para facilitar o réxime de control que se prevé nesta lei.

As medidas de execución e control previstas no parágrafo anterior levaranse a cabo mediante sistemas de cooperación entre o Consello Superior de Deportes e os órganos competentes das comunidades autónomas que permitan a execución por estas e a utilización da información polas respectivas administracións.

Artigo 39. *Potestade de inspección.*

Sen prexuízo do disposto no punto sexto do artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, nos casos en que sexa aplicable, as forzas e corpos de seguranza do Estado, os servizos de Inspección sanitaria do Estado, así como os órganos das comunidades autónomas que teñan atribuída a competencia, o Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria, pola súa propia iniciativa ou por instancia da Axencia Estatal Antidopaxe, poderán inspeccionar as caixas de primeiros auxilios e os demais instrumentos que permitan custodiar ou albergar os produtos e substancias susceptibles de dar positivo nun control de dopaxe.

Para os efectos do exercicio da potestade sancionadora, a Administración terá en conta o tipo de substancias, o número de unidades, a xustificación terapéutica, así como o resto de cuestións directamente vinculadas ao seu exercicio profesional.

Regulamentariamente, establecerase o contido admisible das caixas de primeiros auxilios e, especificamente daqueles medicamentos e produtos sanitarios que resultan necesarios para atender as continxencias derivadas de calquera urxencia médica.

Artigo 40. *Comiso.*

As substancias e os produtos susceptibles de producir dopaxe no deporte ou na actividade deportiva e os instrumentos ou útiles empregados para tal fin poderán ser obxecto de comiso polas autoridades administrativas que inicien os correspondentes procedementos sancionadores, como medida preventiva dentro destes ou previa a aqueles. Neste segundo suposto, o órgano instrutor

deberá ratificar esta medida no curso da tramitación do expediente.

CAPÍTULO II

Das condicións de utilización dos produtos susceptibles de producir dopaxe na actividade deportiva

Artigo 41. *Comercialización e utilización de produtos nutricionais.*

O Ministerio de Sanidade e Consumo establecerá, de común acordo co Consello Superior de Deportes, e de acordo coas comunidades autónomas baseándose nas súas competencias, mecanismos de información e de publicidade específicos dos produtos nutricionais que, sen ser medicamentos, poidan producir no ámbito do deporte un resultado positivo de dopaxe.

Especificamente, as autoridades administrativas españolas establecerán os procedementos axeitados para a declaración dos produtos nutricionais que se introduzan en España e que poidan causar dopaxe no deporte.

Artigo 42. *Prohibicións específicas á comercialización, en establecementos dedicados a actividades deportivas, de determinados produtos que conteñan substancias prohibidas no deporte por ser susceptibles de producir dopaxe.*

1. De conformidade coa lexislación de protección da seguranza cidadá, prohibese o depósito, comercialización ou distribución, baixo calquera modalidade, en establecementos dedicados a actividades deportivas, daqueles produtos que conteñan substancias prohibidas no deporte por ser susceptibles de producir dopaxe, declaradas como tales de conformidade con esta lei.

2. Igualmente, de conformidade coa lexislación de protección da seguranza cidadá, prohibese incitar ao consumo dos produtos a que se refire o punto anterior nos lugares a que se refire este.

Artigo 43. *Sancións á participación de profesionais sanitarios e calquera outro en actividades de dopaxe no deporte.*

Sen prexuízo do disposto no artigo 18 desta lei para os que teñan licenza deportiva, os profesionais sanitarios e calquera outro profesional que facilite, colabore, prescriba ou dispense substancias e produtos susceptibles de producir dopaxe no ámbito da actividade deportiva, a que se refire esta lei, ou propicie a utilización de métodos non regulamentarios ou prohibidos no deporte, sen cumprir coas formalidades prescritas nas súas respectivas normas de actuación e nas previstas nesta lei, incorrerán en responsabilidade disciplinaria. As condutas descritas anteriormente son constitutivas de infracción moi grave e serán sancionadas de acordo coas respectivas normas dos seus colexios profesionais.

TÍTULO III

Da tutela penal da saúde pública en actividades relacionadas coa dopaxe no deporte

Artigo 44. *Introdúcese un novo artigo 361 bis na Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, coa seguinte redacción:*

«Artigo 361 bis.

1. Os que, sen xustificación terapéutica, lles prescriban, proporcionen, dispensen, subministren,

administren, ofrezan ou faciliten a deportistas federados non competitivos, deportistas non federados que practiquen o deporte por recreo, ou deportistas que participen en competicións organizadas en España por entidades deportivas, substancias ou grupos farmacolóxicos prohibidos, así como métodos non regulamentarios, destinados a aumentar as súas capacidades físicas ou a modificar os resultados das competicións, que polo seu contido, reiteración da inxestión ou outras circunstancias concorrentes poñan en perigo a súa vida ou a súa saúde, serán castigados coas penas de prisión de seis meses a dous anos, multa de seis a dezaoto meses e inhabilitación especial para emprego ou cargo público, profesión ou oficio, de dous a cinco anos.

2. Imporanse as penas previstas no punto anterior na súa metade superior cando o delito se perpetre concorrendo algunha das circunstancias seguintes:

- 1.^a Que a vítima sexa menor de idade.
- 2.^a Que se empregase engano ou intimidación.
- 3.^a Que o responsable se prevalecese dunha relación de superioridade laboral ou profesional».

TÍTULO IV

Do sistema de información en materia de protección da saúde e contra a dopaxe no deporte

Artigo 45. Sistema de información sobre protección da saúde e contra a dopaxe no deporte.

1. O Consello Superior de Deportes e as comunidades autónomas crearán, no marco do órgano de cooperación correspondente, un sistema de información verbo da protección da saúde e contra a dopaxe no ámbito do deporte, que garanta a dispoñibilidade da información e a comunicación recíprocas entre as administracións públicas con competencias en materia de deporte e actividade física. No seo da devandito órgano acordaranse os obxectivos e contidos da información.

O obxectivo xeral do sistema de información será responder ás necesidades dos distintos colectivos e terá as seguintes finalidades:

a) Autoridades deportivas: a información favorecerá o desenvolvemento de iniciativas e a toma de decisións, proporcionándolles información actualizada e comparada da evolución que experimenta a acción concertada dos poderes públicos e do sistema deportivo a favor dun deporte limpo de dopaxe.

b) Profesionais: a información irá dirixida a mellorar os seus coñecementos e aptitudes clínicas. Incluirá directorios, resultados de estudos, avaliacións de medicamentos, produtos sanitarios e tecnoloxías, análise de boas prácticas, guías clínicas, recomendacións e recolla de suxestións.

c) Deportistas, adestradores, directivos e clubs deportivos: conterà información sobre os seus dereitos e deberes e os graves riscos para a saúde que a dopaxe comporta, facilitará a toma de decisións sobre estilos de vida, prácticas saudables e utilización dos servizos sanitarios, ademais de ofrecer a posibilidade de formular suxestións verbo dos aspectos mencionados.

d) Organizacións e federacións deportivas españolas: conterà información sobre as asociacións de pacientes e de familiares, de organizacións non gobernamentais que actúen no ámbito sanitario e de sociedades científicas, coa finalidade de promover a participación da sociedade civil no Sistema Nacional de Saúde.

2. O sistema de información permitirá coñecer as substancias susceptibles de producir dopaxe e os métodos prohibidos no deporte, os datos dos expedientes disciplinarios incoados e sancionados, con indicación das substancias detectadas, as análises realizadas nos distintos laboratorios e incorporará, como datos básicos, os relativos a poboación deportiva, recursos humanos e materiais, actividade desenvolvida, farmacia e produtos sanitarios, financiamento e resultados obtidos, así como as expectativas e a opinión dos deportistas, todo iso desde unha concepción integral da loita contra a dopaxe no deporte.

Así mesmo, permitirá coñecer os controis e as demais probas realizadas ao amparo da protección da saúde do deportista.

3. Dentro do sistema de información, e oída a Axencia Española de Protección de Datos, establecerase a definición e normalización de datos, a selección de indicadores e os requirimentos técnicos necesarios para a integración da información, co fin de lograr a máxima fiabilidade da información que se produza.

4. O sistema de información estará á disposición dos seus usuarios, que serán as administracións públicas deportivas e sanitarias, os xestores e profesionais do deporte e da sanidade, así como a propia cidadanía, nos termos de acceso e de difusión que se acorden, logo de informe de Axencia Española de Protección de Datos.

O acceso aos datos dos expedientes disciplinarios incoados e sancionados, con indicación das substancias detectadas e as análises realizadas nos distintos laboratorios, quedará sempre limitado aos órganos competentes en relación cos devanditos expedientes. O acceso por outras organizacións, persoas ou entidades aos devanditos datos deberá ir sempre precedido da disociación dos datos de carácter persoal para cantos interveñan no expediente.

5. As comunidades autónomas, a Administración xeral do Estado e as corporacións locais achegarán a este sistema de información os datos necesarios para o seu mantemento e desenvolvemento. Do mesmo modo, a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas teñen dereito a acceder e dispor dos datos que formen parte do sistema de información e na medida en que estritamente o precisen para o exercicio das súas competencias.

6. O tratamento e a cesión de datos, incluídos aqueles de carácter persoal necesarios para o sistema de información, estarán suxeitos á Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

7. Regulamentariamente estableceranse mecanismos para facilitar a información e o contacto directo cos deportistas.

Artigo 46. Rede de comunicacións do sistema de información.

O Consello Superior de Deportes, a través da utilización preferente das infraestruturas comúns de comunicacións e de servizos telemáticos das administracións públicas, porá á disposición dos usuarios e dos obrigados a remitir a información unha rede de comunicacións segura que facilite e dea garantías de protección ao seu intercambio, exclusivamente, entre os seus integrantes.

A transmisión da información nesta rede estará fundamentada nos requirimentos de certificación electrónica, sinatura electrónica e cifraxa, de acordo coa lexislación vixente.

En todo caso, serán de aplicación ao sistema de información sobre a protección da saúde e contra a dopaxe no deporte aquelas medidas de seguranza de nivel alto, establecidas na vixente normativa española sobre protección de datos de carácter persoal.

Artigo 47. *Estatísticas para fins estatais.*

O sistema de información previsto no artigo 45 desta lei poderá prever especificamente a realización de estatísticas para fins estatais en materia de protección da saúde e verbo da dopaxe no deporte, e as que deriven de compromisos con organizacións internacionais. Estas estatísticas realizaranse conforme a Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública.

Artigo 48. *Intercambio de información.*

Os médicos que participan na atención sanitaria ao deportista poderán acceder aos datos contidos no sistema e que estean relacionados coa información clínica, de saúde individual e os controis realizados aos seus pacientes, nos termos estritamente necesarios para garantir a calidade da devandita asistencia e a confidencialidade e integridade da información.

Co fin de que os deportistas reciban a mellor atención sanitaria posible en calquera centro ou servizo do Sistema Nacional de Saúde, o Consello Superior de Deportes e o Ministerio de Sanidade e Consumo, de conformidade coa Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, coordinarán co sistema de información do artigo 45 desta lei os mecanismos de intercambio electrónico de información clínica e de saúde individual, para lles permitir, tanto ao interesado como aos profesionais que participan na asistencia sanitaria, o acceso aos datos e nos termos citados no parágrafo anterior.

O Consello Superior de Deportes establecerá un procedemento que permita o intercambio telemático da información que legalmente resulte exixible para o exercicio das súas competencias por parte das administracións públicas.

O intercambio de información a que se refiren os parágrafos anteriores realizarase de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e, na medida en que se trate de datos sanitarios, pola Lei 41/2002, do 14 de novembro, de dereitos do paciente.

Artigo 49. *Tarxeta de saúde dos deportistas con licenza estatal ou autonómica homologada e dos deportistas de alto nivel.*

1. A tarxeta de saúde do deportista é un documento público que lles expide o Consello Superior de Deportes aos que teñen especificamente recoñecida a condición de deportista de alto nivel, así como ao resto de deportistas federados, no marco dos convenios específicos que para tal efecto se realicen por parte das federacións deportivas españolas.

A tarxeta de saúde ten como finalidade que o deportista e o persoal sanitario que o atende dispoñan da mellor información clínica posible no momento de decidir o tratamento aplicable ante unha doenza.

A tarxeta de saúde conterá a información referida ao conxunto de recoñecementos médicos, controis de saúde e de dopaxe, realizados ao deportista desde a obtención da correspondente licenza federativa, o seu resultado e as determinacións médicas que se deberán ter en conta para unha axeitada atención sanitaria deste. Regulamentariamente, determinarase o alcance desta obriga e a forma de transmisión da documentación correspondente.

Así mesmo, incluírá os datos relativos ás autorizacións de uso terapéutico concedidas e ás baixas laborais e/ou deportivas que tivese o deportista.

2. Sen prexuízo do disposto no artigo 59.3 da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, a Comisión de Control e Seguimento da Saúde e a Dopaxe determinará a obriga de efectuar

recoñecementos médicos, con carácter previo á expedición da correspondente licenza federativa, naqueles deportes en que se considere necesario para unha mellor prevención da saúde dos seus practicantes, así como a realización de controis periódicos de saúde aos deportistas de alto nivel.

3. Os datos contidos na tarxeta de saúde só poderán ser utilizados polos deportistas titulares da tarxeta e, co seu consentimento, polo persoal sanitario que os atenda.

4. Os datos que contén a tarxeta de saúde serán subministrados polo persoal sanitario que os atenda, os órganos disciplinarios competentes e os equipos polos que teñan subscrita a licenza correspondente.

O Consello Superior de Deportes establecerá e será responsable do mantemento, coas debidas garantías de seguranza, do soporte dixital que posibilite a recolla e o intercambio de datos, así como de que a súa utilización sexa conforme as previsións desta lei.

5. Serán de aplicación ao sistema que confeccione e permita a utilización da tarxeta de saúde as medidas de seguranza de nivel alto establecidas na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal.

Disposición adicional primeira. *Protección, control e sanción da dopaxe en animais.*

O Goberno elaborará e remitirá ás Cortes Xerais un proxecto de lei polo cal se adapte o réxime de obrigas e controis que se conteñen nesta lei aos animais que participen en competicións de ámbito estatal.

Sen prexuízo do anterior, habilitase o Goberno para ditar as disposicións que fosen necesarias na adaptación ou aplicación das previsións recollidas nesta lei ao ámbito específico da protección, control e sanción pola administración ou utilización de substancias e métodos prohibidos a animais que interveñen en actividades e competicións deportivas.

Disposición adicional segunda. *Controis de dopaxe nos campionatos deportivos xuvenís e universitarios de ámbito estatal.*

A Comisión de Control e Seguimento da Saúde e a Dopaxe poderá ordenar a realización de controis de dopaxe durante as fases finais dos campionatos deportivos xuvenís e universitarios de ámbito estatal, na forma que regulamentariamente se determine. Para os efectos legais, para a realización destes controis o título de inscrición nos correspondentes campionatos terá a consideración de licenza deportiva.

Para os efectos previstos nesta disposición, os regulamentos dos citados campionatos recollerán a dopaxe no deporte, de forma específica, como falta grave ou moi grave, de conformidade cos mesmos criterios establecidos nesta lei.

Disposición adicional terceira. *Adaptación do réxime sancionador.*

Facúltase o Goberno para adaptar o réxime sancionador previsto nesta lei, referente á contía das sancións e ás regras de aplicación destas, aos compromisos internacionais que España subscriba nesta materia.

Disposición adicional cuarta. *Aplicación efectiva do sistema de información administrativa e da tarxeta de saúde do deportista.*

O Consello Superior de Deportes acordará coas comunidades autónomas o calendario para a implantación efectiva e coordinada do sistema de información administrativa e da tarxeta de saúde do deportista, en función das

dispoñibilidades orzamentarias e dos convenios que se poidan subscribir para implementar estas iniciativas.

Disposición adicional quinta. *Realización de controis de saúde a deportistas profesionais.*

Con independencia do previsto no artigo 8.2 desta lei, cando as empresas lles realicen controis de saúde aos deportistas profesionais resultará de aplicación a normativa sobre prevención de riscos laborais.

Disposición adicional sexta. *Adaptación dos estatutos e normas disciplinarias de colexios profesionais.*

Para os efectos de dar efectivo cumprimento ao previsto no artigo 43 desta lei, os colexios profesionais afectados deberán modificar os seus estatutos e normas regulamentarias para tipificar expresamente as responsabilidades previstas na citada disposición. Esta adaptación estatutaria deberase realizar no prazo máximo dun ano.

Disposición adicional sétima. *Financiamento dos controis antidopaxe.*

Os poderes públicos das distintas administracións establecerán un réxime de financiamento dos controis antidopaxe nas actividades deportivas obxecto desta lei co fin de que estes se realicen coas máximas garantías tecnolóxicas e de procedemento.

Disposición adicional oitava. *Delimitación do concepto de entidades deportivas para os efectos de aplicación desta lei.*

Sen prexuízo da aplicación directa ás entidades previstas no título III da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, esta lei seralles tamén de aplicación ao resto das entidades que organicen competicións deportivas e estean inscritas no Rexistro de Entidades Deportivas do Consello Superior de Deportes.

Disposición adicional novena. *Instrumentos de colaboración en relación coa tarxeta de saúde dos deportistas.*

O Estado e as comunidades autónomas poderán establecer, a través dos correspondentes instrumentos de colaboración, fórmulas para a expedición, recoñecemento e realización conxunta ou recíproca da tarxeta de saúde dos deportistas.

Disposición transitoria primeira. *Procedementos disciplinarios en curso.*

Os procedementos disciplinarios en materia de represión da dopaxe no deporte, que fosen iniciados ao tempo da entrada en vigor desta lei, rexeranse pola normativa anterior. Non obstante, contra o acto que esgote a vía administrativa procederá a aplicación do establecido na disposición derradeira segunda desta lei.

Disposición transitoria segunda. *Procedementos finalizados cuxa resolución non sexa firme.*

Os procedementos sancionadores ultimados en vía administrativa, pero cuxa resolución non sexa firme, rexeranse pola norma procesual contencioso-administrativa que proceda e sen que sexa de aplicación o disposto na disposición derradeira segunda.

Disposición transitoria terceira. *Exercicio transitorio das competencias ata a creación dos novos órganos previstos nesta lei.*

As funcións que esta lei lle atribúe á Comisión de Control e Seguimento da Saúde e a Dopaxe serán exercidas ata a súa efectiva creación, respectivamente, pola Comisión Nacional Antidopaxe e a Comisión Nacional de Saúde do Deportista.

Disposición derogatoria única. *Normas e preceptos derogados.*

Un. Quedan derogados os seguintes preceptos da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte:

Artigos: 56, 57 e 58.
Artigo: 76.1. d).

Dous. Quedan derogados, así mesmo, todos os preceptos de normas de igual ou inferior rango que se opongan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte.*

Un. Modifícase o punto 4 do artigo 32 da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, cuxa redacción queda establecida nos seguintes termos:

«4. Para a participación en competicións deportivas oficiais, de ámbito estatal, será preciso estar en posesión dunha licenza deportiva, expedida pola correspondente federación deportiva española, segundo as condicións e os requisitos que se establecerán regulamentariamente. As licenzas expedidas polas federacións de ámbito autonómico habilitarán para a devandita participación cando estas estean integradas nas federacións deportivas españolas, se expidan dentro das condicións mínimas de carácter económico que fixen estas e lles comuniquen a súa expedición a estas.

Estarán inhabilitados para obter unha licenza deportiva que faculte para participar nas competicións a que fai referencia o parágrafo anterior os deportistas que fosen sancionados por dopaxe, tanto no ámbito estatal coma no internacional, mentres estean cumprindo a sanción respectiva. Esta inhabilitación impedirá, igualmente, que o Estado recoñeza ou manteña a condición de deportista de alto nivel. O Consello Superior de Deportes e as comunidades autónomas acordarán os mecanismos que permitan estender os efectos destas decisións aos ámbitos competenciais respectivos, así como dotar de recoñecemento mutuo as inhabilitacións para a obtención das licenzas deportivas que permitan participar en competicións oficiais.

Os deportistas que traten de obter unha licenza deportiva estatal ou autonómica homologada poderán ser sometidos, con carácter previo á súa concesión, a un control de dopaxe, co fin de determinar o cumprimento dos requisitos establecidos nesta normativa.

Así mesmo, non poderán obter licenza federativa estatal ou autonómica homologada aquelas persoas que estean inhabilitadas como consecuencia das infraccións previstas nos artigos 14 e 15 da Lei orgánica de protección da saúde e de loita contra a dopaxe no deporte.»

Dous. Engádesse un punto oitavo ao artigo 76 da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, que terá a seguinte redacción:

«8. Considéranse infraccións moi graves e graves en materia de dopaxe no deporte as recollidas

na normativa sobre protección da saúde e loita contra a dopaxe no deporte, que se rexerán pola súa lexislación específica, sen prexuízo da aplicación supletoria, se é o caso, das disposicións desta lei.»

Disposición derradeira segunda. *Modificacións da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.*

Un. Engádesse unha letra f) no artigo 9 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 9.

Os xulgados centrais do contencioso-administrativo coñecerán dos recursos que se deduzan fronte aos actos administrativos que teñan por obxecto:

«f) En única ou primeira instancia, das resolucións que, en vía de fiscalización, sexan ditadas polo Comité Español de Disciplina Deportiva en materia de disciplina deportiva.»

Dous. Introdúcese unha nova redacción ao punto primeiro do artigo 78 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 78.

«1. Os xulgados do contencioso-administrativo e, de ser o caso, os xulgados centrais do contencioso-administrativo desta orde xurisdicional coñecen, polo procedemento abreviado, dos asuntos da súa competencia que se susciten sobre cuestións de persoal ao servizo das administracións públicas, sobre estranxeiría e sobre inadmisión de peticións de asilo político, asuntos de disciplina deportiva en materia de dopaxe, así como todas aquelas cuxa contía non supere os 13.000 euros.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, de protección da seguranza cidadá.*

Un. Incorpórase unha letra p) ao artigo 23, coa seguinte redacción:

«p) O depósito, comercialización ou distribución, baixo calquera modalidade, en establecementos dedicados a actividades deportivas, de produtos que conteñan substancias prohibidas no deporte por ser susceptibles de producir dopaxe, declaradas como tales de conformidade coa súa lexislación específica.»

Dous. Incorpórase unha letra q) ao artigo 23, coa seguinte redacción:

«q) A incitación ao consumo, en establecementos dedicados a actividades deportivas, de produtos que conteñan substancias prohibidas no deporte por ser susceptibles de producir dopaxe, declaradas como tales de conformidade coa súa lexislación específica.»

Tres. O artigo 24 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 24. *Gradacións.*

As infraccións tipificadas nas alíneas a), b), c), d), e) f), h) i) l) n) p) e q) do anterior artigo poderán ser consideradas moi graves, tendo en conta a entidade do risco producido ou do prexuízo causado, ou cando supoñan atentado contra a salubridade

pública, alterasen o funcionamento dos servizos públicos, os transportes colectivos ou a regularidade dos abastecementos, ou se producisen con violencia ou ameazas colectivas.»

Disposición derradeira cuarta. *Habilitación competencial.*

Sen prexuízo da competencia do Estado para ditar aqueles preceptos relativos á súa propia organización e os que se refiren aos intereses que afectan o deporte federado estatal no seu conxunto, esta lei dítase ao abeiro do artigo 149.1.16.^a da Constitución, coa excepción dos seguintes preceptos:

a) O artigo 44, que se dita ao abeiro do artigo 149.1.6.^a da Constitución.

b) O artigo 47, que se dita ao abeiro do artigo 149.1.31.^a da Constitución.

c) O artigo 43 e a disposición adicional sexta, que se ditan ao abeiro do artigo 149.1.18.^a da Constitución.

d) A disposición derradeira segunda, que se dita ao abeiro do artigo 149.1.5.^a da Constitución.

e) Os artigos 39, 40, 42 e a disposición derradeira terceira, que se ditan ao abeiro do artigo 149.1.29.^a da Constitución.

Disposición derradeira quinta. *Natureza desta lei.*

Esta lei ten o carácter de lei orgánica, coa excepción dos seguintes preceptos e disposicións:

Artigos 1 ao 4, ambos os dous inclusive;

Artigo 6, parágrafos 4.^o e 5.^o, agás os parágrafos 1.^o ao 3.^o, que teñen carácter orgánico; artigo 7, artigo 8, agás o punto primeiro, que ten carácter orgánico;

Artigos 9 ao 35, ambos os dous inclusive, agás o parágrafo primeiro do artigo 12, que si ten carácter orgánico;

Artigos 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 45, 46, 47, 48 e 49;

As disposicións adicionais primeira, segunda, terceira, cuarta, quinta, sexta, sétima, oitava e novena;

As disposicións transitorias primeira, segunda e terceira;

A disposición derogatoria;

As disposicións derradeiras primeira, segunda, terceira –salvo no seu punto tres, que si ten rango orgánico–, cuarta, sexta, sétima e oitava.

Disposición derradeira sexta. *Desenvolvemento regulamentario e habilitación normativa.*

Un. No prazo de tres meses desde a publicación desta lei o Goberno aprobará o Regulamento de composición e réxime de funcionamento da Comisión de Control e Seguimento da Saúde e a Dopaxe.

Dous. No prazo de seis meses desde a súa entrada en vigor, o Goberno aprobará o desenvolvemento regulamentario desta lei.

Tres. Habilítase o Goberno para aprobar, cando proceda, cantas normas sexan precisas para garantir a eficacia das previsións desta lei.

Disposición derradeira sétima. *Adaptación de estatutos e regulamentos federativos.*

Para os efectos previstos nesta lei e, especialmente, do previsto no seu artigo 14, as federacións deportivas españolas procederán, no prazo máximo de seis meses, contados desde a data de entrada en vigor desta lei, á adaptación e modificación dos seus estatutos e regulamentos.

Disposición derradeira oitava. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos tres meses desde a súa íntegra publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 21 de novembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

20266 *REAL DECRETO 1265/2006, do 8 de novembro, polo que se modifica o Regulamento do seguro de riscos extraordinarios, aprobado polo Real decreto 300/2004, do 20 de febreiro. («BOE» 279, do 22-11-2006.)*

A cobertura dos riscos extraordinarios sobre as persoas e os bens, inicialmente regulada e encomendada ao Consorcio de Compensación de Seguros (en diante o Consorcio) pola Lei do 16 de decembro de 1954, ten a súa regulación legal actual no texto refundido do Estatuto legal da citada entidade pública empresarial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 7/2004, do 29 de outubro. O texto orixinal deste estatuto legal foi o recollido no artigo cuarto da Lei 21/1990, do 19 de decembro, para adaptar o dereito español á Directiva 88/357/CEE, sobre liberdade de servizos en seguros distintos ao de vida, e de actualización da lexislación de seguros privados, que foi posteriormente modificado pola Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, pola Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro, pola Lei 34/2003, do 4 de novembro, de modificación e adaptación á normativa comunitaria da lexislación de seguros privados e, recentemente, pola Lei 12/2006, do 16 de maio, pola que se modifica o texto refundido do Estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, aprobado polo Real decreto lexislativo 7/2004, do 29 de outubro, e a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do Mercado de Valores.

Especialmente a Lei 44/2002, do 22 de novembro, incorporaba importantes cambios no réxime xurídico do Consorcio, moi en particular no relativo ao sistema de cobertura dos riscos extraordinarios, no cal por primeira vez quedaban incluídos entre os danos cubertos os debidos a perdas de beneficios como consecuencia de acontecementos extraordinarios. A lei encomendaba o seu desenvolvemento á oportuna disposición regulamentaria, que se aprobou polo Real decreto 300/2004, do 20 de febreiro, que aproba o Regulamento do seguro de riscos extraordinarios, norma que desenvolveu un regulamento integramente novo.

A recente Lei 12/2006, do 16 de maio, froito da extensión ao ramo de vida, menos sensible este nun primeiro momento, das consecuencias xeneralizadas que para o mercado mundial de seguros e reaseguros tiveron os acontecementos extraordinarios acaecidos nos exercicios precedentes –moi en particular os vinculados ao terrorismo–, veu ampliar o réxime de cobertura dos riscos extraordinarios polo Consorcio ás continxencias de risco,

é dicir, non puramente de aforro, dos seguros do citado ramo, prevendo ademais un tratamento diferenciado para os seguros de vida colectivos que instrumenten compromisos por pensións, polas súas moi específicas circunstancias. Igualmente, esta lei prevé o seu necesario desenvolvemento regulamentario, ao cal lle encomenda mesmo a determinación da data de entrada en vigor e os prazos de adaptación no que se refire á nova cobertura do ramo de vida.

Ademais do previsto na Lei 12/2006, do 16 de maio, o ano transcorrido na aplicación da innovadora cobertura de perda de beneficios como consecuencia de acontecementos extraordinarios puxo de manifesto a conveniencia de introducir determinadas melloras no texto regulamentario que clarificarán aspectos deste cuxa aplicación debeu ser obxecto de interpretación ao longo dese período.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de novembro de 2006,

DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento do seguro de riscos extraordinarios, aprobado polo Real decreto 300/2004, do 20 de febreiro.*

O Regulamento do seguro de riscos extraordinarios, aprobado polo Real decreto 300/2004, do 20 de febreiro, queda modificado como segue:

Un. Os puntos 2 e 3 do artigo 1 pasan a ter a seguinte redacción:

«2. Para efectos exclusivamente da cobertura do Consorcio, entenderanse por riscos situados en España os que afecten:

- a) Os vehículos con matrícula española.
- b) Os bens inmobles situados no territorio nacional.
- c) Os bens mobles que se encontren nun inmoble situado en España, estean ou non cubertos pola mesma póliza de seguro, con excepción daqueles que se encontren en tránsito comercial.
- d) No caso de seguros de persoas, cando o asegurado teña a súa residencia habitual en España.
- e) Nos demais casos, cando o tomador do seguro teña a súa residencia habitual en España ou, se fose unha persoa xurídica, teña en España o seu domicilio social ou a sucursal a que se refire o contrato.

3. Malia o disposto nos puntos anteriores, serán tamén indemnizables polo Consorcio os danos persoais derivados de acontecementos extraordinarios acaecidos no estranxeiro cando o asegurado da póliza teña a súa residencia habitual en España.

Dous. No punto 1 do artigo 2 engádese unha nova alínea l) co seguinte texto:

«l. Feitos ou actuacións das Forzas Armadas ou das forzas e corpos de seguranza en tempo de paz: os que teñan a súa orixe en actuacións das Forzas Armadas e forzas e corpos de seguranza do Estado e dos corpos de policía das comunidades autónomas e corporacións locais, que causen danos nos bens de terceiros ou en persoas non integradas nas unidades actuantes das citadas forzas ou corpos de seguranza.»

Tres. O artigo 3 pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 3. *Perda de beneficios.*

1. Para os efectos da cobertura dos riscos extraordinarios polo Consorcio de Compensación de Seguros, enténdese que se produce unha perda de beneficios